


PQ
9469
C3C3
19--

Digitized by the Internet Archive
in 2010 with funding from
University of Toronto

http://www.archive.org/details/cantaresgallegos00cast




OSALIA DE CASTRO
CANTARES
GALLEGOS
J. CASTRO
25-4-66


CANTARES GALLEGOS

ROSALIA DE CASTRO

CANTARES GALLEGOS



EDITORIAL TOR
Río de Janeiro 760
BUENOS AIRES



PQ
9469
C3C3
19--

ES PROPIEDAD. Hecho el depósito que marca la ley.

I

As de cantar
Que ch' ei de dar zonchos;
As de cantar
Que ch' ei de dar moitos.

I

"As de cantar,
Meniña gaiteira,
As de cantar,
Que me morro de pena.

Canta, meniña,
Na veira da fonte,
Canta, dareiche
Boliños do pote.

Canta, meniña,
Con brando compás,
Dareich' unha proya
Da pedra do lar.

Papiñas con leite
Tamén che darei,
Sopiñas con viño,
Torrexas con mel.

Patacas asadas
Con sal e vinagre,
Que saben á noces,
¡Qué ricas que saben!

¡Qué feira, rapaza,
Si cantas faremos!...
Festiña por fora,
Festiña por dentro.

Canta si queres,
Rapaza do demo,
Canta si queres,
Dareich' un mantelo.

Canta si queres,
Na lengua qu' eu falo,
Dareich' un mantelo,
Dareich' un refaixo.

Có son da gaitiña
Có son da pandeira,
Che pido que cantes,
Rapaza morena.

Có son da gaitiña,
Có son do tambor,
Che pido que cantes,
Meniña, por Dios."

II

Así mô pediron
Na veira do mar,
O pe das ondiñas
Que veñen e van.

Así mô pediron
Na veira do río
Que corr' entr'as erbas
Do campo frorido.

Cantaban os grilos,
Os galos cantaban,
O vento antr' as follas
Runxiendo pasaba.

Campaban os prados,
Manaban as fontes
Antr' erbas e viñas,
Figueiras e robres.

Tocaban as gaitas
O son das pandeiras,
Bailaban os mozos
Cás mozas modestas.

¡Qué cofias tan brancas!
¡Qué panos con freco!...
¡Qué dengues de grana!
¡Qué sintas!, ¡qué adresos!

¡Qué ricos mandiles!
¡Qué verdes refaixos!...
¡Qué feitos xustillos
De cor colorado!

Tan vivos colores
A vista trubaban,
De velos tan vareos
O sol se folgaba.

De velos bulindo
Por montes e veigas,
Coidou qu' eran rosas
Garridas e frescas.

III

Lugar máis hermoso
Non houbo na terra
Qu' aquel qu' eu miraba,
Qu' aquel que me dera.

Lugar máis hermoso
No mundo n' hachara,
Qu' aquel de Galicia,
Galicia encantada.

Galicia frorida,
Cal ela ningunha,
De froles cuberta,
Cuberta de espumas.

D' espumas qu' o mare
Con pelras gomita,
De froles que nacen
Ó pe das fontiñas.

De valles tan fondos,
Tan verdes, tan frescos,
Qu' as penas se calman
No máis que con velos. .

Qu' os ánxeles neles
Dormidos se quedan,
Xa en forma de pombas,
Xa en forma de niebras.

IV

Cantar t' ei, Galicia,
Teus doçes cantares,
Qu' así mô pediron
Na veira do mare.

Cantar t' ei, Galicia,
Na lengua gallega,
Consuelo dos males,
Alivio das penas.

Mimosa, soave,
Sentida, queixosa;
Encanta si ríe,
Conmove si chora.

Cal ela, ningun-ha
Tan doçe que cante
Soidades amargas,
Sospiros amantes.

Misterios da tarde,
Murmuxos da noite:
Cantar t' ei, Galicia,
Na veira das fontes.

Qu' así mô pediron,
Qu' así mô mandaron,
Que cant' e que cante
Na lengua qu' eu falo.

Qu' así mô mandaron,
Qu' así mô dixeron...
Xa canto, meniñas,
Coidá que comenso.

Con doçe alegría,
Con brando compás,
O pe das ondiñas,
Que veñen e van.

Dios santo premita
Qu' aquestes cantares,
D' alivio vos sirvan
Nos vosos pesares.

De amabre consolo,
De soave contento,
Cal fartan de dichas
Compridos deseyos.

De noite, de día,
N' aurora, na sera,
Oiresme cantando
Por montes e veigas.

Quen queira me chame,
Quen queira m' obrige
Cantar, cantareille
De noit' e de día,

Por dalle contento,
Por dalle consolo,
Trocand' en sonrisas
Queixiñas e choros.

Buscaime, rapazas,
Velliñas, mociños,
Buscaim' antr' os robres,
Buscaim' entr' os millos.

Nas portas dos ricos,
Nas portas dos probes,
Qu' aquestes cantares
Á todos responden.

A todos, qu' á Virxen
Axuda pedín,
Por que vos console
No voso sufrir.

Nos vosos tormentos,
Nos vosos pesares.
Coidá que comenso...
¡Meniñas, Dios diante!

II

Nasín cand' as prantas nasen,
Nô mes das froles nasín,
Nunh' alborada maininã,
Nunh' alborada d' abril.
Por eso me chaman Rosa,
Mais á dó triste sorrir,
Con espiñas para todos,
Sin ningunha para ti.
Des que te quixen, ingrato,
Tod' acabou para min,
Qu' eras ti para min todo,
Miña groria e meu vivir.
¿De qué, pois, te queixas, Mauro?
¿De qué, pois, te queixas, di,
Cando sabes que morrera
Por te contemplar felís?
Duro crabo me encrabaches
Con ese teu maldesir,
Con ese teu pedir tolo
Que non sei qué quer de min,
Pois dinche canto dar puden
Avariciosa de ti.

O meu coraçón che mando
C' unha chave par' ó abrir,
Nin eu teño máis que darche,
Nin ti máis que me pedir.

III

—Dios bendiga todo, nena;
Rapaza, Dios che bendiga,
Xa que te dou tan grasiosa,
Xa que te dou tan feitiña,
Qu' anque andiven moitas terras,
Qu' anque andiven moitas vilas,
Coma ti non vin ningunha,
Tan redonda é tan bonita.
¡Ben haya quen te pariu!
¡Ben haya, amén, quen te cría!

—Dios vos garde, miña vella;
Gárdevos Santa Mariña,
Qu' a bofé sôs falangueira,
Falangueira e ben cumprida.

—Meniña, por ben falada
Ningunha se perdería:
Cóllens' entr' os paxariños
Aqueles que mellor trían;
Morre afogado entr' as pallas
O pitiño que non chía.

—Pois si vos foras pitiño,
Dígovos, miña velliña,
Que dese mal non morreras,
Que chiar ben chiarías.

—¡Ay!, que si non de min fora,
¡Miña filla, miña filla!
Sin agarimo no mundo
Desde que nasín orfiña,
De port' en porta pedindo
Tiben que pasar á vida.
E cand' á vida se pasa
Cal vida de pelegrina,
Que busca el pelegrinando
O pan tódo-los días,
De cot' en lares alleos,
De cot' en extrañas vilas,
Hay que deprender estonces
Por no morrer coitadiña,
O pe d' un valo tumbada
E de todos esquencida,
O chío dos paxariños,
O recramo das pombiñas,
O ben falar que comprase
A humildá mansa qu' obriga.

—¡Moito sabés, miña vella,
Moito de sabiduría!
¡Quén poidera correr mundo
Por ser como vos sabida!
Qu' anque traballos se pasen
Aló pó-las lonxes vilas,
Tamén ¡qué cousas se saben!
Tamén ¡qué cousas se miran!

—Máis val que nâs mires nunca,
Qu' estonces te perderías:
¡O qu' ó sol mirar precura
Logo quedará sin vista!

—Dirés verdá, miña vella;
Mais craras as vosas niñas,
Emprestouvos hastr' agora
Groriosa Santa Lucía.

—Moita devoçón lle teño,
¡Miña santiña bendita!
Mais non sempr' as niñas craras
Son proba de craras vistas.
Moitas en vin com' á augua
Que corr' entr' as penas frías
Gorgorexando de paso,
Sereniña, sereniña,
Qu' antre tiniebras pousaban,
Qu' antre tiniebras vivían,
Nas tiniebras d' os pecados
Que son as máis escondidas.

—Si de pecados falades,
E pan qu' onde queira espiga,
En tóda-las partes crese,
En todas partes se cría;
Mais uns son cor de veneno,
Outros de sangre runxida,
Outros, com' á noite negros,
Medran c' as lurpias dañinas,
Qu' os paren entr' ouro e seda
Arrolados pó-l' envidia,
Mantidos pó-la luxuria,
Mimados pó-la cobiza.

—"Quen ven está, ven estea."
Déixat' estar, miña filla,
Nin precures correr mundo
Nin tampouco lonxes vilas,
Qu' ó mundo da malos pagos
A quen lle da prendas finas,
E nas vilas mal fixeras
Qu' á aquí facer non farías
Qu' anque ese pan varolento
En todas partes espiga,
Nunhas apoucado crese,
Noutras medra qu' adimira.

—Falás com' un abogado,
E calquera pensaría
Que deprendestes nos libros
Tan váreas palabrerías,
Todiñas tan ven faladas,
Todiñas tan entendidas;
E tal medo me puñeches
Que xa d' aquí non sahira
Sin levar *Santos-escritos*
E medalliñas benditas
Nun lado do meu xustillo,
Xunto d' unha negra figa,
Que me librasen das meigas
E máis das lurpias dañinas.

—Que te libren de ti mesma,
Pídelle a Dios, rapariga,
Que somos nos para nos
As lurpias máis enemigas.
Mais xa ven á noite vindo
Co seu manto d' estreliñas,
Xa recolleron ó gando
Que pastaba na cortiña,

Xa lonx' as campanas tocan,
Tocan as Ave-Marías,
Cada conexo ô seu tobo
Lixeiro, lixeiro tira,
Qu' é mal compañeiro a noite
Si á compañeiro s' obriga.
Mas ¡ay! qu' eu non teño tobo
Nin burata conocida,
Nin tellado que me cruba
Dos ventos da noite fría.
¡Qué vid' a dos probes, nena!
¡Qué vida; qu' amarga vida!
Mais Noso Señor foi probe,
¡Qu' esto d' alivio nos sirva!

—Amén, miña vella, amén;
Mais pó-las almas benditas
Oxe dormirás n' un leito
Feito de pallina triga,
Xunta do lar que vos quente
Cá borralliña encendida,
E comerás un caldiño
Con patacas e nabizas.

—¡Bendito sea Dios, bendito,
Bendit' á Virxe María,
Que con tanto ben m' acode
Por unha man compasiva!
O Señor che dé fertuna
Con moitos anos de vida;
¡Volvansech' as tellas d' ouro,
As pedras de prata fina,
E cada gran seu diamante
Che se volva cada día!
Y agora, miña rapaza,
Por qu' un pouco t' adivirtas

Bailando c' as compañeiras
Que garulan ná cociña,
Eiche de contar historias,
Eiche de contar copriñas,
Eiche de tocar as cunchas,
Miña carrapucheiriña.

IV

Cantan os galos pr' ó día,
Érguete, meu ben, e vaite.
—¿Cómo m' ei d' ir, queridiña,
Cómo m' ei d' ir e deixarte?

—D' eses teus olliños negros
Como doas relumbrantes,
Hastr' as nosas mans unidas
As vagoas ardentes caen.
¿Cómo m' ei d' ir si te quero?
¿Cómo m' ei d' ir e deixarte,
Si cá lengua me desvotas
E có coraçón me atraes?
N' un corruncho do teu leito
Cariñosa m' abrigaches;
Có teu manso caloriño
Os fríos pes me quentastes;
E d' aquí xuntos miramos
Por antr' o verde ramaxe,
Cal iba correndo á lua
Por enriva dos pinares.

¿Cómo queres que te deixe
Cómo que de ti m' aparte,
Si máis qu' á mel eres dulce
E máis qu' as froles soave?

—Meiguiño, meiguiño meigo,
Meigo que me namoraste,
Baite d' onda min meiguiño
Antes qu' ó sol se levante.

—Ainda dorme, queridiña,
Antr' as ondiñas do mare,
Dorme por que m' acariñes
E por qu' amante me chames,
Que sol' onde ti, meniña,
Podo contento folgare.

—Xa cantan os paxariños,
Érguete, meu ben, qu' é tarde.

—Deixa que canten, Marica,
Marica, deixa que canten...
Si ti sintes que me vaya,
Eu relouco por quedarme.

—Conmigo, meu queridiño,
Mitá da noite pasaches.

—Mais en tanto ti dormías
Contenteime con mirarte,
Qu' así sorind' entre sonos
Coidaba qu' eras un ánxel,
E non con tanta pureza
O pe d' un ánxel velase.

—Así te quero, meu ben,
Com' un santo dos altares;
Mais fuxe... qu' ó sol dourado
Por riba dos montes saye.

—Irey, mais dame un biquiño
Antes que de ti m' aparte;
Qu' esos labiños de rosa
Inda non sei como saben

—Con mil amores cho dera,
Mais teño que confesarme;
E moita vergonza fora
Ter un pecado tan grande.

—Pois confésate, Marica,
Que cando casar nos casen,
Non ch' han de valer, meniña,
Ni confesores nin frades.
¡Adiós, cariña de rosa!

—¡Raparigo, Dios te garde!

V

Miña Santiña,
Miña Santasa,
Miña cariña
De calabasa.
Ei d' emprestarbos
Os meus pendentes,
Ei d' emprestarbos
O meu collar;
Ei d' emprestarcho,
Cara bonita,
Si me deprendes
A puntear.

—Costureiriña
Comprimenteira,
Sacha no campo,
Malla na eira,
Lava no río,
Vay apañar
Toxiños secos
Antr' ó pinar.

Así á meniña
Traballadora
Os punteados
Deprende ora.

—Miña santiña,
Mal me quixere
Quen m' aconsella
Que tal fixere.
Mans de señora,
Mans fidalgueiras
Teñen todiñas
As costureiras;
Boca de reina,
Corpo de dama,
Comprell' á seda,
Foxen d' á lama.

—¡Ay rapaciña!
Ti tél-o teo:
¡Sed' as que dormen
Antr' ó centeo!!!
¡Fuxir d' á lama
Quen naceu nela!
Dios cho perdone,
Probe Manuela.
Lama con honra
Non mancha nada,
Nin seda limpa
Honra emporcada.

—Santa Santasa
Non sós comprida,
Decindo cousas
Que fan ferida.

Falaime solo
D'as muhiñeiras,
D' aquelas voltas
Revirandeiras,
D'aqueles puntos
Que fan agora,
D' afora adentro,
D' adentro afora.

—Costureiriña
D' o carballal,
Colle unha agulla
Colle un dedal,
Cose os buratos
D' ese teu cós,
Qu' andar rachada
No manda Dios.
Cose, meniña,
Tantos furados,
Y ora non penses
Nos punteados.

—Miña Santasa,
Miña Santiña,
Nin teño agulla,
Nin teño liña,
Nin dedal teño,
Qu' á ló na feira
Rouboume un majo
Da faltriqueira,
Decindo: "As perdas
D' os descoidados
Fan ó lotiño
D' os apañados."

—¡Costureiriña,
Qu' á majos trata!
Alma de cobre,
Collar de prata.
Mocidá rindo,
Vellez chorando...
Anda, meniña,
Coida, d' o gando.
Coida d' as erbas
D' o teu erbal,
Terás agulla,
Terás dedal.

—Deixad' as erbas,
Qu' ó qu' eu quería,
Era ir cal todas
A romería.
¡Y alí con aire
Dar cada volta!
Os ollos baixos,
A perna solta.
Pes lixeiriños,
Corpo direito;
¡Pero, Santiña...
Non lle dou xeito!

Non vos metades
Pedricadora,
Bailadoriña
Faceme agora.
Vos dend' arriva
Andá correndo;
Faced' os puntos,
Y en adependo
Andá que peno
Pó-los penares...

Miray qu' ó pido
Chorando á mares.

—¡Ay da meniña!
¡Ay da que chora!
¡Ay, porque quere
Ser bailadora!
Que cando durma
No camposanto
Os enemigos
Faranlle espanto,
Bailando enriva
D' as erbas mudas,
O son d' a negra
Gaita de Xudas.

Y aquel corpiño
Que n' outros días
Tanto truara
Nás romerías,
O son dos ventos
Máis desatados
Rolará logo
C' os condenados.
Costureiriña,
N' ei de ser, n' ei,
Quen che deprenda
Tan mala ley.

—¡Ay que Santasa!
¡Ay que Santona!
Ollos de meiga,
Cara de mora,
Por n' ei de porche
Os meus pendentes,

Por n' ei de porche
O meu collar,
  Xa que non queres,
Xa que non sabes
Adeprenderme
A puntear.

VI

Nosa Señora da Barca
Ten ó tellado de pedra;
Ben ó pudera ter d' ouro
Miña Virxen, si quixera.

I

¡Cánta xente..., cánta xente
Por campiñas e por veigas!
¡Canta pó-lo mar abaixo
Ven camiño da ribeira!
¡Qué lanchas tan ben portadas
Con aparellos de festa!
¡Qué botes tan feituquiños,
Con tan feituquiñas velas!
Todos cargadiños veñen
De xentiña forasteira,
E de rapazas bonitas
Cura de todas las penas.
¡Cántos dengues encarnados!
¡Cántas sintas amarelas!

¡Cántas cofias pranchadiñas
Dende lonxe relumbrean,
Cal si fosen neve pura,
Cal froles da primaveira!
¡Cánta maxesa nos homes,
Cánta brancura nas nenas!
Y eles semellan gallardos
Pinos qu' os montes ourean,
Y elas cogolliños novos
C' orballo da mañan fresca.

As de Muros, tan finiñas,
Qu' un coidara que se creban,
C' aquelas caras de virxe
C' aqueles ollos de almendra,
C' aqueles cabelos longos
Xuntados en longas trenzas,
C' aqueles cores rousados,
Cal si á aurora llos puñera,
Pois así son de soaves
Com' aurora que comenza;
Descendentes das airosas
Fillas de pagana Grecia,
Elas de negro se visten,
Delgadiñas e lixeiras,
Refaixo e mantelo negro,
Zapato e media de seda,
Negra chaqueta de raso,
Mantilla da mesma peza,
Con terciopelo adornado,
Cánto enriva de sí levan;
Filas de reinas parecen,
Griegas estatuas semellan,
Si á un rayo de sol poñente
Repousadas se contempran;
Ricos panos de Manila,

Brancos e cor de sireixa,
Crúzanse sobre ó seu seyo
Con pudorosa modestia;
E por antr' eles relosen,
Como brillantes estrelas,
Aderesos e collares
De diamantes e de pelras,
Pendentes de filigrana
E pechuguiñas de cera.

As de Camariñas visten,
Cal rapaciñas gaiteiras,
Sayas de vivos colores
Pó-lo pescozo da perna,
Lucindo ó negro zapato
Enriva de branca media.
Chambras feitas de mil rayas
Azuladas e bermellas,
Con guarniciós que lles caen
Sobr' á rumbosa cadeira.
Para tocar ó pandeiro,
Non hay coma tales nenas,
Que son as Camariñanas
Feitas de sal e canela.

As de Cé. ¡Virxe do Carme!,
¡Qué cariñas tan ben feitas!
Cando están coloradiñas
No ruxe-ruxe da festa;
Cada mirar dos seus ollos
Fire como cen saetas;
Nin hay mans tan ben cortadas,
Tan branquiñas e pequenas,
Com' as qu' amostran finxiendo
Que non queren que llas vexan.

Son as de Laxe unhas mozas,
¡Vaya unhas mozas aquelas!
Sólo con velas de lonxe,
Quitaselles á monteira;
Porque son vivas de xenio
Anque son rapazas netas.
Bailadoras..., n' hay ningunhas
Que con elas se entrometan,
Pois por bailar, bailarían
No cribo d' unha peneira;
Mais en tocando á que recen,
En rezar con as primeiras...
Dan ó mund' ó qu é do mundo,
Dan á ygrexa ó qu' é da ygrexa.

As de Noya, ven s' axuntan
C' as graciosas Rianxeiras,
Pó-los redondos peïños,
Pó-las cabaleiras crechas
Pó-los morenos lunares,
E pó-las agudas lenguas,
Qu' abofé qu' en todo pican
Como si fosen pementa.

Veñen dempois recatadas,
Anq' un pouquiño soberbias
Por aquelo qu' elas saben
D' antigüedad, e nobresa
(Pois por acá todos somos
Tal coma Dios nos fixera),
As meniñas ben compostas
D' unha vila quisquilleira,
Que por onde van parece
Que van dicindo: "¡Canela!
¿Prantamos ou non prantamos
A cantas hay n' esta terra?"

Mais si prantan ou non prantan,
Non son eu quen ó dixera,
Que fora pouca cordura,
Que fora farta llanesa.
Baste desir que xuntiñas
Todas na porta da ygrexa
Máis bonitas parecían
Qu' un ramiño de asucenas;
Máis frescas qu' unha leituga,
Máis sabrosiñas que fresas.
Xa que fosen de Rianxo,
Que fosen de Redondela,
De Camariñas ou Laxe,
De Laxe ou de Pontareas,
Todas eran tan bonitas,
Todas tan bonitas eran,
Qu' o de máis duras entrañas
Der' as entrañas por elas...
Por eso se derretían,
Cal si foran de manteiga,
Diante delas os rapaces,
Os rapaciños da festa,
Os mariñeiros do mare,
Que dond' á Virxen viñeran,
Por qu' á Virxen os salvara
De naufragar na tormenta.
Mais si salvaron no mare,
Non se salvarán na terra;
Mariñeiros, mariñeiros,
Qu' aquí tamén hay tormentas
Qu' afogan coraçonciños
Sin que lle vallan ofertas,
Qu' oye á Virxe os que s' afogan
Do mar antr' as ondas feras,
Mas non oye os namorados,
Que d' afogarse s' alegran.

II

Ramo de froles parece,
Muxía á das altas penas
Con tanta rosa espallada
N' aquella branca ribeira,
Con tanto carabeliño
Que relose antr' as areas,
Con tanta xente que corre
Que corr' e se sarandea
O son das gaitas que tocan
E das bombas que reventan;
Uns que venden limoada,
Outros augua que refresca,
Aqueles dulces resolio
Con rosquilliñas d' almendra,
Os de máis alá sandías
Con sabrosas sirigüelas,
Mentras tanto qu' algún cego
O son d' alegre pandeira,
Toc' un carto de guitarra
Para que bailen as nenas.
¡Bendita á Virxe da Barca,
Bendita por sempre sea!
¡Miña Virxen milagrosa,
En que tantos se recrean!
Todos van por visitala,
Todos alí van por vela
Na sua barca dourada,
Na sua barca pequena,
Dond' están dous anxeliños,
Dous anxeliños que reman.
Alí chegou milagrosa
Nunha embarcaçón de pedra,
Alí, porque Dios ó quixo,
Sempre adoradores teña.

A pedra vala que vala,
Sírvelle de centinela,
E mentras dormen os homes,
El' adoraçón lle presta
Con aquel son campanudo
Qu' escoitar lonxe se deixa,
E á quen ó mar con bramidos
Humildosos lle contesta.
Cando as campanas repican
E á musica retumbea,
Cal nun ceo, pó-las naves
Da recollidiña ygrexa,
Cand' os foguetes estalan
Nos aires, e voces frescas
Pó-lo espaço, e' as gaitiñas
E c' os tambores se mescran,
Entonces a pedra vala
Tan alegr' e tan contenta,
Qu' anq' un cento de presoas
Brinca e salta enriva dela,
Coma si fose mociña,
Máis que unha pruma lixeira,
Alegre com' unhas pascuas
Salta e rebrinca con elas.
Choven entonces presentes,
Choven entonces ofertas,
Que lle traen os romeiros,
En feitiñas carabelas,
Diante da Virxe bendita,
Os pes da sagrada Reina,
E por eso alí lle cantan
Cando se despiden d' ela:

Nosa Señora da Barca
Ten ó tellado de pedra;
Ben ó pudera ter d' ouro
Miña Virxe, si quixera.

VII

Fun un domingo,
Fun pó-la tarde,
Có sol que baixa
Tras dos pinares,
C' as nubes brancas
Sombra dos ánxeles,
C' as palomiñas
Qu' as alas baten,
Con un batido
Manso e suave,
Atravesando
Vagos celaxes,
Mundos extraños
Qu' en rayos parten,
Ricos tesouros
D' ouro e diamante.
Pasin os montes,
Montes e valles,
Pasin llanuras
E soedades;
Pasin os regos,
Pasin os mares,

Con pes enxoitos
E sin cansarme.

Colleum' a noite,
Noite brillante,
C' unha luniña
Feita de xaspes,
E fun con ela
Camiño adiante,
C' as estreliñas
Para guiarme,
Qu' aquel camiño
Sólo elas saben.

Dempois á aurora
Có seu sembrante,
Feito de rosas
Veu á alumbrarme;
E vin estonces,
Antr' o ramaxe
D' olmos é pinos
Acobexarse,
Branca casiña
Con palomare,
Dond' as pombiñas
Entran e sayen.
N' elas s' escoitan
Doçes cantares,
N'ela garulan
Mozos galantes
C' as rapaciñas
D' outros lugares.
Tod' é contento
Tod' é folgare,

Mentras a pedra
Bate que bate,
Mole que mole,
Dalle que dalle;
Con lindo gusto
Faille compases.

Non hay sitiño
Que máis m' agrade
Qu' aquel muhiño
D' os castañares,
Dond' hay meniñas,
Dond' hay rapaces
Que ricamente
Saben loitare.
Donde rechinan
Hasta cansarse
Mozos e vellos,
Nenos é grandes;
E anque non queren
Qu' aló me baixe,
Sin qu' o soupera
Na casa naide,

Fun ó mohiño
D' ó meu compadre,
Fun pó-lo vento,
Vin pó-lo aire.

VIII

Un repoludo gaitero
De pano sedán vestido,
Com' un príncipe cumprido,
Cariñoso e falangueiro,
Antr' os mozos o pirmeiro
E nas siudades sin par,
Tiña costum' en cantar
Aló pó-la mañanciña:
Con esta miña gaitiña
As nenas ei d' engañar.

Sempre pó-la vila entraba
Con aquel de señorío,
Sempre con poxante brío
Co tambor s' acompasaba:
E si na gaita sopraba,
Era tan doçe soprar,
Que ven fixera en cantar
Aló pó-la mañanciña:
Con esta miña gaitiña
As nenas ei d' engañar.

Todas por él reloucaban,
Todas por él se morrían,
S' ó tiñan cerca, sorrían,
S' ó tiñan lonxe, choraban.
¡Mal pecado!, non coidaban
Que e' aquel seu frolear
Tiña costum' en cantar
Aló pó-la mañanciña:
Con esta miña gaitiña
As nenas ei d' engañar.

Camiño da romería,
Debaixo d' unha figueira,
Canta meniña solteira
¡Quérote!, lle repetía...,
Y él c'á gaita respondía
Por á todas envoucar,
Pois ven fixeira en cantar
Aló pó-la mañanciña:
Con esta miña gaitiña
As nenas ei d' engañar.

Elas louquiñas bailaban
E por xunta d' él corrían,
Cegas..., cegas que no vían
As espiñas qu' as cercaban;
Probes palomas, buscaban
A luz qu' as iba queimar,
Pois qu' él soupera cantar
Aló pó-la mañanciña:
O son da miña gaitiña
As nenas ei d' engañar.

¡Nas festas, cánto contento!
¡Cánta risa nas fiadas!

Todas, todas namoradas
Deranll' ó seu pensamento;
Y él que d'amores sedento
Quixo a todas engañar,
Cand' as veu dimpois chorar
Cantaba nas mañanciñas:
Non sean elas toliñas,
Non veñan ô meu tocar.

IX

Díxome nantronte ó Cura
Qu' é pecado...
Mais aquel de tal fondura
Como ó facer desbotado.

Dalle que dalle ó argadelo,
Noite é día,
E pensa e pensa n' aquelo,
Porfía que te porfía...

Sempre malla que te malla,
Enchendo á cunca,
Porque ó que ó diantre traballa
Din que acaba tarde ou nunca.

Canto máis digo *¡arrenegado!*,
¡Demo fora!,
Máis ó demo endemoncrado,
M' atenta dempois y agora.

Mais ansias teño, mais sinto,
¡Rematada!,

Que non me queira Xacinto
Nin solteira nin casada.

Porque d' este ou d' outro modo,
A verdá digo,
Quixera atentalo e todo
Como m' atenta ó enemigo.

¡Que é pecado..., miña almiña!
Máis que sea;
¿Cál non vay, s' é rapaciña,
Buscando ó que ben desea?

Nin podo atopar feitura,
Nin asento,
Que me está dando amargura
Sempre este mal pensamento.

Din que parês lagarteiro
Desprumado,
S' é verdad, ¡meu lagarteiro
Ten-m' o coraçón prendado!

"Cara de pote fendido",
Ten d' alcume;
Mellor que descolorido
Quero o tostado de lume.

S' elas calente miraran
Meu amore,
Nin toliña me chamaran,
Nin ti me fixeras dore.

Vino unha mañana d' orballo,
A mañecida,

Durmindo ô pe d' un carballo,
Enriba d' a erba mollida.

Arrimeime paseniño
A sua veira,
E sospiraba mainiño
Como brisa mareeira.

E tiña á boca entr' aberta,
Com' un neno
Que mirand' ó ceu desperta
Deitadiño antr' ó centeno.

Y as guedellas enrisadas
Lle caían,
Cal obellas en manadas,
Sobre as froliñas que abrían.

¡Meu Dios! ¡Quén froliña fora,
Das d' aquelas...
Quen as erbas qu' en tal hora,
O tiñan pretiño d' elas!

¡Quén xiada, quén orballo,
Qu' ó mollou!
¡Quén aquel mesmo carballo
Que c' as pónlas ó abrigou!

Mentras qu' así ó contempraba
Rebuleu,
E pensei que me afogaba,
O coraçonciño meu.

Bate que bate, batía
Sin parar,

Mais eu tembrando decía,
Agora ll' ei de falar.

E volveu á rebulir
Muy paseniño,
¡Ay!, e votei á fuxir,
Lixeira pó-lo camiño.

Despois chora que te chora
Avergonzada,
Dixen: — S' el non me namora,
Non lle direi nunca nada.

E non me namora, non,
¡Maldizoado!
Mentras ó meu coraçón
Quérelle anque sea pecado.

E vai tras d' outras mociñas
Tan contento,
Y eu, con unhas cadiñas
Prendino ô meu pensamento.

E que queira que non queira,
Está conmigo,
Y á postre, y á derradeira,
Con él m' atenta ó enemigo.

¡Sempre malla que te malla
Enchendo á cunca!
Y é qu' é qu' ó demo traballa,
Acabará tarde ou nunca.

Por eso, anqu' ó Cura dixo
Qu' é pecado,
Mal que tanto mal me fixo,
Nunca ó darei desbotado.

X

''Quixente tanto, meniña,
Tivenche tan grande amor,
Que para min eras lua,
Branca aurora e craro sol,
Agua limpa en fresca fonte,
Rosa do xardín de Dios,
Alentiño do meu peito,
Vida do meu coraçón''.
Así che falín un día
Camiñini de San Lois,
Tod' oprimido d' angustia,
Todo ardente de pasión;
Mentras que ti m' escoitabas,
Depinicando unha frol,
Por qu' eu non vise os teus ollos
Que refrexaban traiciós.
Dempois que *sí* me dixeches,
En proba de teu amor,
Décheme un carabeliño,
Que gardín no coraçón.
¡Negro carabel maldito
Que me fireu de dolor!...

Mais á pasar pó-lo río
¡O carabel afondou!...
"Tan bó camiño ti leves
Com' á carabel lebou".

XI

Campanas de Bastabales,
Cando vos oyo tocar,
Mórrome de soidades.

I

Cando vos oyo tocar,
Campaniñas, campaniñas,
Sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oyo,
Penso que por min chamades,
E das entrañas me doyo.

Dóyome de dor ferida,
Qu' antes tiña vida enteira
Y oxe teño media vida.

Sólo media me deixaron
Os que d' aló me trouxeron,
Os que d' aló me roubaron.

Non me roubaran, traidores,
¡Ay!, uns amores toliños,
¡Ay!, uns toliños amores.

Qu' os amores xa fuxieron,
As soidades viñeron...
De pena me consumiron.

II

Aló pó-la mañanciña
Subo enriva dos outeiros
Lixeiriña, lixeiriña.

Com' unha craba lixeira,
Para oír das campaniñas
A batalada pirmeira.

A pirmeira d' alborada
Que me traen os airiños,
Por me ver máis consolada.

Por me ver menos chorosa,
Nas sus alas má traen
Rebuldeira e queixumbrosa.

Queixumbrosa e retembrando
Por antr' a verd' espesura,
Por entr' o verde arborado.

E pó-la verde pradeira,
Por riba da veiga llana
Rebuldeira e rebuldeira.

III

Paseniño, paseniño,
Vou pó-la tarde calada,
De Bastabales camiño.

Camiño do meu contento;
Y en tant' o sol non s' esconde,
Nunha pedriña me sento.

E sentada estou mirando
Cóm' á lua vay sahindo,
Cóm' ó sol se vay deitando.

Cál se deita, cál s' esconde,
Mentras tanto corre á lua
Sin saberse para dónde.

Para dónde vay tan soya,
Sin qu' á os tristes qu' á miramos
Nin nos fale nin nos oya.

Que si oira e nos falara,
Moitas cousas lle dixera,
Moitas cousas lle contara.

IV

Cada estrela, o seu diamante;
Cada nube, branca pruma,
Trist' á lua marcha diante.

Diante marcha crarexando
Veigas, prados, montes, ríos,
Dond' ó día vay faltando.

Falt' ó día, e noit' escura
Vaixa, vaixa pouc' á pouco,
Por montañas de verdura.

De verdur' e de follaxe,
Salpicada de fontiñas
Vaixo á sombra do ramaxe.

Do ramaxe donde cantan
Paxariños piadores,
Que c' aurora se levantan.

Que c' á noite s' adormecen
Para que canten os grilos
Que c' as sombras aparecen.

V

Corre ó vento, ó río pasa,
Corren nubes, nubes corren
Camiño da miña casa.

Miña casa, meu abrigo:
Vanse todos, eu me quedo
Sin compaña nin amigo.

Eu me quedo contemprando
As laradas d' as casiñas
Por quen vivo sospirando.

. . . .

Ven á noite..., morre ó día,
As campanas tocan lonxe
O tocar d' *Ave María.*

Elas tocan pra que rece,
Eu non rezo, qu' os saloucos
Afogándome parece
Que por min têñ que rezar;
Campanas de Bastabales,
Cando vos oyo tocar,
Mórrome de soidades.

XII

I

Vint' unha crara noite,
Noitiña de San Xoán,
Poñend' as frescas herbas
Na font' á serenar.
E tan bonit' estabas,
Cal rosa no rosal,
Que d' orballiño fresco
Toda cubert' está.
Por eso namorado,
Con manso sospirar
Os meus amantes brazos
Voteiche pó-lo ban.
E ti con doçes ollos
E máis doçe falar,
Meiguiña m' envoucastes
En pracido solás.
As estrelliñas todas
Qu' aló na espaço están,
Sorrindo nos miraban

Con soave craridá.
E foron, ¡ay!, testigos
D' aquel teu sospirar
Qu' ô meu correspondía
Con amoriño igual.
Pero dempois con outros
Máis majos e galans
(Mais non que máis te queiran,
Qu' haber non haberá),
Tamén, tamén, meniña,
Soupeches praticar
A sombra dos salgueiros
Cabo do romeiral.
Por eso eu che cantaba
En triste soledá,
Cando, ¡ay de min!, te vía
Con eles parolar.
Ccida, miña meniña,
Dás praticas que das,
Que donde moitos cospen,
Lama fan.

II

¡Qué triste agora te bexo!...
¡Qué triste, nena, estás!...
¿Os teus frescos colores,
Dónde, meniña, van?
¿O teu mirar sereno,
O teu doçe cantar,
Dónde, meniña, dónde,
Coitada toparás?
Xa non te vin, meniña,
Na noite de San Xoán
Poñend' as frescas herbas
Na font' á serenar.

Xa non te vi fresquiña
Cal rosa nó rosal,
Que muchadiña estabas
De tanto saulocar.
Hôra de dór ferida
Buscando á honriña vas,
A honriña que perdeches,
Mais ¿quén ch' á volverá?
Eu ben, miña meniña,
Ben ch' á quixera dar,
Qu' aquel que ben te quixo
Dóise de verte mal.
Mais aunque dir, eu diga,
Que limpa, nena estás,
Respóndenme sorrindo
Por se de min bulrar.
"Ben sabes, Farruquiño,
Farruco dó Pombal,
Que donde moitos cospen,
Lama fan."

XIII

San Antonio bendito,
Dádeme un home,
Anque me mate,
Anque m' esfole.

Meu santo San Antonio
Daime un homiño.
Anqu' ó tamaño teña
D' un gran de millo.

Daimo, meu santo,
Anqu' os pes teña coxos,
Mancos os brazos.

Una muller sin home...
¡Santo bendito!
E corpiño sin alma,
Festa sin trigo.

Pau viradoiro,
Qu' onda queira que vaya
Troncho que troncho.

Mais en tend' un homiño,
¡Virxe do Carme!,
Non hay mundo que chegue
Para un folgarse.

Que zamb' eu trenco,
Sempr' é bó ter un home
Para un remedio.

Eu sey d' un que cobiça
Causa miralo,
Lanzaliño do corpo,
Roxo e encarnado.

Carniñas de manteiga,
E palabras tan doçes
Cal mentireiras.

Por él peno de día,
Do noite peno,
Pensando nós seus ollos
Color de ceo.

Mais el xa doito,
D' amoriños entende,
De casar pouco.

Facé, meu San Antonio,
Qu' onda min veña,
Para casar conmigo,
Nena solteira.

Que levo en dote
Unha culler de ferro,
Catro de boxe.

Un hirmanciño novo
Que xa ten dentes,
Unha vaquiña vella
Que non da leite...

¡Ay!, meu santiño,
Facé que tal suceda
Cal vo lo pido.

San Antonio bendito,
Dádeme un home,
Anque me mate,
Anque m' esfole.

Que zamb' ou trenco,
Sempr' é bó ter un home
Para un remedio.

XIV

Acolá enriba
Na fresca montaña,
Qu' alegre se crobe
De verde retama,
Meniña morena
De branco vestida,
Nubiña parece
No monte perdida.
Que xira, que corre,
Que torna, que pasa,
Que rola, e maiņiña
Serena se para.

Xa embolta se mira
N' espuma que salta,
Do chorro que ferve
Na rouca cascada.
Xa erguida na punta
De pena sombrisa,
Inmoble cal virxe
De pedra se mira.

A cofia de liño
A os ventos soltada,
As trenzas descoida
Qu' os aires espallan;
Tendida-las puntas
Do pano de seda,
As alas d' un ánxel
De lonxe semellan.
Si as brisas da tarde
Xogando con elas
As moven ca gracia
Qu' un ánxel tivera.
Eu penso, ¡coitado
De min!, que me chaman
Si as vexo bulindo
Na verde enramada,
Mas ¡ay!, qu' os meus ollos
M' engañan traidores,
Pois vou, e lixeira
Na niebra s' esconde;
S' esconde outras veces
Na sombra dos pinos
E cant' escondida
Cantares dulciños,
Qu' abrasan, que firen,
Ferida, d' amor,
Que teño feitiña
No meu coraçón.

¡Qué feita, que linda,
Qué fresca, qué branca,
Dou Dios á meniña
Da verde montaña!
¡Qu' hermosa parece,
Que chore, que xima;

Cantando, sorrindo,
Disperta, dormida!
¡Ay!, si seu pay
Por regalo ma dera,
¡Ay!, non sentira
No mundo máis penas.
¡Ay!, que por tela
Conmigo por dama,
Eu llá vestira,
Eu llá calzara.

XV

Adiós ríos, adiós fontes,
Adiós regatos pequenos,
Adiós vista dos meus ollos,
Non sei cándo nos veremos.

Miña terra, miña terra,
Terra donde m' en criei,
Hortiña que quero tanto,
Figueiriñas que prantei.

Prados, ríos, arboredas,
Pinares que move ó vento,
Paxariños piadores,
Casiña do meu contento.

Muhiño d' os castañares,
Noites craras de luar,
Campaniñas timbradoras
Dá igrexiña dó lugar,

Amoriñas d' ás silveiras
Qu' en lle dab' ó meu amor,

Camiñiños antr' ó millo,
¡Adiós para sempr' adiós!

¡Adiós groria! ¡Adiós contento!
¡Deixo á casa onde nacín,
Deixo á aldea que conoço,
Por un mundo que non vin!

Deixo amigos por extraños,
Deixo a veiga pó-lo mar,
Deixo, en fin, canto ben quero...
¡Qué pudera non deixar!...

....

Mais son probe, e mal pecado,
A miña terra n' é miña,
Qu' hastra lle dan de prestado
A veira por que camiña
O que naceu desdichado.

Téñovos, pois, que deixar,
Hortiña que tanto amei,
Fogueiriña dó meu lar,
Arboriños que prantei,
Fontiña dó cabañar.

Adiós, adiós, que me vou,
Herbiñas do camposanto,
Donde meu pay s' enterrou,
Herbiñas que bique y tanto,
Terriña que nos criou.

Adiós, Virxe d' Asunción,
Branca com' un serafín,
Lévovos no coraçón:

Pedídelle á Dios por min,
Miña Virxe d' Asunción.

Xa s' oyen lonxe, moy lonxe,
As campanas do pomar,
Para min, ¡ay!, coitadiño,
Nunca máis han de tocar.

Xa s' oyen lonxe, máis lonxe...
Cada balada é un dolor;
Voume soyo, sin arrimo...
Miña terra, ¡adiós!, ¡adiós!

¡Adiós tamén, queridiña...
Adiós por sempre quizáis!...
Dígoch' este adiós chorando
Desd' á veiriña do mar.
Non m' olvides, queridiña,
Si morro de soidás...
Tantas legoas mar adentro...
¡Miña casiña!, ¡meu lar!

XVI

Eu ben vin estar ó moucho
Enriba d' aquel penedo:
¡Non che teño medo, moucho,
Moucho, non che teño medo!

I

Una noite, noite negra,
Com' os pesares qu' eu teño,
Noite filla das sombrisas,
Alas que extenden os medos;
Hora en que cantan os galos,
Hora en que xemen os ventos,
En qu' as *meigas* bailan, bailan,
Xuntas có demo pirmeiro,
Arrincando verdes robres,
Portas e tellas fendendo,
Todas de branco vestidas,
Tendido-los brancos pelos
Contra quen os cans oubean
Agoirando triste enterro;

Cando relumbrar se miran
Antr' os toxales espesos,
Cal encendidas candeas
Ollos de lobo famento,
E os ramallaxes dos montes
Antre sí murmuxan quedos,
E as follas secas qu' espallan
Os aires da noite inquietos
En remuiños se xuntan
Con longo estremecemento;
Indo camiño da igrexa,
Soya cós meus pensamentos
Cabo da fonte da Virxe
Pretiño do cimenterio,
Dempois de sentir un sopro
Que me deixou sin alento:
Eu ben vin estar ó moucho
Enriba d' aquel penedo.

II

Arrepuiñadas todas
As carnes se me puñeron,
E os cabelos no curuto
Fórons' erguendo direitos:
Gotas de sudor corrían
Afio pó-lo meu peito,
E tembraba como tremban
As auguas cando fay vento,
Ná pia da fonte nova
Que sempre está revertendo.
Aquel moucho alí fincado,
Cál si fose ó mesmo demo,
Fito á fito me miraba
Có seus ollos rapiñeiros,

Que coidei que me roubaban
Non máis que de lonxe velos.
De lume me paresían
E que me queimaron penso;
Penso qu' eran tizós roxos
Da fogueira dos infernos
Que pó-las niñas me entraron
Hastr' ó coraçón dereitos.
En él remorsos había
D' amoriños pecadentos...
¡Ay, quen ten d' eses amores
Non pod' achar bon sosiego!

Chovía si Dios ten augua,
Ventaba en tódo-los ventos,
E ensarrapicada toda
A camiñar non m' atrevo,
Qu' ó moucho, fita que fita,
M' aspera na quel penedo,
Mais acordeime da Virxe
Que sempre conmigo levo,
Résoll'' un Ave-María,
E cobrando novo alento,
Com' os páxaros do mare,
Nadando paso ó regueiro;
Corro á enriba dó valado,
Brinco en baixo dó portelo,
E dend' alí, berro entonces
Con cantas forzas eu teño:
Non che teño medo, moucho,
Moucho, non che teño medo.

XVII

Airiños, airiños aires,
Airiños, da miña terra;
Airiños, airiños aires,
Airiños, levaime á ela.

Sin ela vivir non podo,
Non podo vivir contenta,
Qu' adonde queira que vaya,
Cróbeme unha sombra espesa.
Cróbeme unha espesa nube
Tal preñada de tormentas,
Tal de soidás preñada,
Qu' á miña vida envenena.
Levaime, levaime airiños,
Com' unha folliña seca,
Que seca tamén me puxo
A callentura que queima.
¡Ay!, si non me levás pronto,
Airiños da miña terra;
Si non me levás, airiños,
Quisáis xa non me conesan.

Qu' á frebe que de min come,
Vaime consumindo lenta,
E no meu coraçonciño
Tamén traidora se ceiba.

Fun n' outro tempo encarnada
Com' á color da sireixa,
Son oxe descolorida
Com' os cirios d' as igrexas,
Cal si unha meiga chuchona
A miña sangre bebera.
Voume quedando muchiña
Com' unha rosa qu' inverna;
Voume sin forzas quedando,
Voume quedando morena,
Cal unha mouriña moura,
Filla de moura ralea.

Levaime, levaime, airiños,
Levaime adonde m' esperan
Unha nay que por min chora,
Un pay que sin min n' alenta,
Un hirmán por quen daría
A sangre d' as miñas venas,
E un amoriño á quen alma
E vida lle prometera.
Si pronto non me levades,
¡Ay!, morrerei de tristeza,
Soya n' unha terra extraña,
Dond' extraña m' alomean,
Donde todo canto miro
Todo me dic' ¡extranxeira!

¡Ay miña probe casiña!
¡Ay miña vaca bermella!

Años, que valás nos montes,
Pombas, qu' arrulás nas eiras,
Mozos, qu' atruxás bailando,
Redobre d'as castañetas,
Xas-co-rras-chás d'as cunchiñas,
Xurre-xurre d' as pandeiras,
Tambor do tamborileiro,
Gaitiña, gaita gallega,
Xa non m' alegras dicindo:
¡Muiñeira!, ¡muiñeira!
¡Ay, quén fora paxariño
De leves alas lixeiras!
¡Ay, con qué prisa voara
Toliña de tan contenta,
Para cantar á alborada
Nos campos da miña terra!
Agora mesmo partira,
Partira com' unha frecha,
Sin medo as sombras da noite,
Sin medo da noite negra.
E que chovera ou ventara,
E que ventara ou chovera,
Voaría, e voaría
Hastra qu' alcansese á vela.
Pero non son paxariño
E irey morrendo de pena,
Xa en lágrimas convertida,
Xa en suspiriños desfeita.

Doçes galleguiños aires,
Quitadoiriños de penas,
Encantadores d' as auguas,
Amantes d' as arboredas,
Música d' as verdes canas,
Do millo d' as nosas veigas,
Alegres compañeiriños,

Run-run de tóda-las festas,
Levaime nas vosas alas
Com' unha folliña seca.
Non permitás qu' aquí morra,
Airiños da miña terra,
Qu' ainda penso, que de morta
Ei de sospirar por ela.
Ainda penso, airiños aires,
Que dimpois que morta sea,
E aló pó-lo camposanto,
Dond' enterrada me teñan,
Pasés na calada noite
Runxindo antr' á folla seca,
Ou murmuxando medrosos
Antr' as brancas calaveras,
Inda dimpois de mortiña,
Airiños da miña terra,
Eivos de berrar: ¡ Airiños,
Airiños, levaime á ela!

XVIII

A O Sr. D. CAMILO ALVAREZ E CASTRO

Chantre da Catedral de Salamanca

I

Roxiña cal sol dourado,
Garrida cal fresca rosa,
Iba pó-lo monte hermosa
Có branco pe descalzado...
Copo de neve pousado,
Deslumbrando á luz do día,
Tan branco pe parecía.

As longas trenzas caídas,
Con quen os ventos xogaban,
Ondiñas d'ouro formaban
Na branca espalda tendidas;

Apertadas e bruñidas
Qu' espigas eran, coidara
O que de lonxe as mirara.

Tiñan os cores do mare,
Os seus olliños dormentes,
Máis doçes, máis transparentes,
Naide os poidera encontrare;
Naide velos sin amare
O coraçón sin falsía,
Que por antr' eles se vía.

Llevaba na frente á yalma,
Nos doçes labios á risa,
Auguiña que ó vento enrisa,
Pousaba no fondo en calma.
Tal como gallarda palma
Cimbrase con folgura
A delgadiña cintura.

O par da brisa temprada
Qu' antr' os salgueiros corría,
Ela correndo seguía
Unha veiriña encantada.
Qu' alí mansa e sosegada
Manaba unha fresca fonte
Cabo da falda do monte.

II

Franca, pura, sin enganos,
Canta, canta, garruleira,
O pe da verde silveira
Laband' os seus brancos panos.
O son dos romores vanos
Que nacen ca mañanciña,
Lava, lava na fontiña.

Xunto d' ela os paxariños
Gorgorexan qu' é un contento,
Faille festiñas ó vento
C' os seus hirmáns os airiños.
Os pastores, coitadiños,
Cantalle ó doçe *á... la... la...*
Que lengua de amores fala.

Ela honesta está escoitando,
Mais con sospiros responde,
Qu' aló garda non sei dónde
Saudades de non sei cándo.
Os paniños vay lavando
E á tendelos s' apresura
Nun campiño de verdura.

Dempois no rego que pasa,
Verte unha vagoa serena,
Filla da escondida pena
Qu' o seu peitiño traspasa.

Pois que d' amores s' abrasa
Aquela qu' é fresca rosa
Tan amante como hermosa.

—

Compañeiras van chegando
Cal máis á máis ven portada,
Xarros de louza vidrada,
Antr' os seixos van pousando.
Cay á auguiña mormuxando,
Brancas vinchas se levantan,
As meniñas cantan..., cantan.

—

As estrelas van fuxindo
A espesa niebra enrarece,
O arboriño que frorece
Por antr' ela vay sahindo.
O craro sol vay subindo
Por riba do firmamento,
Limpo, garrulo e contento.

—

Arredor tod' arrescende
A olido de primadera,
Y á ló n' azulada esfera
Fogax de groria s' encende.
Mais á meniña n' atende
Si non á ó dor ¡mal pecado!
Que ten no peito encravado.

—

Danll' extrañeza os cantares,
Danlle de chorar deseyos,
Y os ollos de vagoas cheyos,
Pensa nos nativos lares
Que n' hay máis tristes pesares,
Máis negra melancolía
Qu' á qu' entr' extraños se cría.

Paxariños, verde prado,
Branca lua e sol ardente,
Todo consolo é impotente
En mal tan desconsolado.
Todo contento é trubado
Pó-la peniña sin fondo
Qu' hay no coraçón abondo.

Por eso á meniña hermosa,
Foxe d' alegre fontiña,
Tal como triste ovelliña
Que trema de dor queixosa.
Vay sentida, vay chorosa,
Mentras lle cantan con saña:
"¡Da montaña!, ¡da montaña!"

Y ela, que de tal s' extraña,
Ferida no que máis sinte,
Qu' á maltraten non consinte,
A así lles contesta huraña:
Anque ché son da montaña,
Anque ché son montañesa,
Anque ché son, non me pesa.

XIX

Pasa río, pasa río,
Có teu maino rebulir;
Pasa pas' antr' as froliñas
Color d' ouro e de marfil,
A quen c' os teus doçes labios
Tan doçes cousas lles dis.
Pasa, pasa, mais non vexan
Que te vas á ó mar sin fin.
Porqu' estonces ¡ ay, probiñas,
Cánto choraran por ti!
¡ Si souperas qu' extrañeça,
Si souperas qué sofrir
Desque dél vivo apartado
O meu coraçón sentiu!
Tal m' acoden as soidades,
Tal me queren afrixir,
Qu' inda máis feras m' afogan,
Si as quero botar de min.
Y ¡ ay, que fora das froliñas
Vendote lonxe de si
Ir pó-la verde ribeira,
Da ribeira dô Carril!

Pasa, pasa, caladiño,
Có teu manso rebulir,
Camiño dô mar salado,
Camiño dô mar sin fin;
E leva estas lagrimiñas,
Si as de chegar por alí,
Pretiño dos meus amores,
Pretiño dô meu vivir.
¡Ay, quén lagrimiña fora
Prá ir, meu ben, xunta ti!...
¡Quén fixera un caminiño
Para pasar, ay de min!
Si á mar tibera barandas
Fórate ver á o Brasil;
Mais á mar no ten barandas,
Amor meu, ¿por don' ey d' ir?

XX

—Hora, meu meniño, hora,
¿Quen vos ha de dar á teta,
Si tua nay vay no muhiño,
E teu pay na leña seca?

Eu cha dera, miña xoya,
Con mil amores cha dera,
Hastra rebotar meu santo,
Hastra que máis non quixeras,
Hastra verte dormidiño
Con esa boca tan feita,
Sorrindo todo fartiño,
Cal ubre de vaca cheya.
Mais, ¡ay, qué noite che agarga!
Mais ¡ay, qué noite ch' espera!
Qu' anque duas fontes teño,
Estas fontiñas non deitan.
Hora, meu meniño, hora,
Cánto chorarás por ela,
Sin ter con que t' acalente,
Sin ter con que t' adormeça,
Que soyo, soyo quedaches

Com' unha ovelliña enferma,
Tremando, mal pocadiño,
Com' as ovelliñas treman.
Sin crobirtor que te cruba
Nunhas palliñas te deitan
E neve e chuvia en ti caen
Por antr' as fendidas tellas.
E silva ó vento que pasa
Pó-las mal xuntadas pedras,
E cal coitelo afilado
No teu corpiño se ceiba.
¡Ay, cando veña tua nay!
¡Ay, cando ch' ; tua nay veña!
Cal te topará, meniño,
Frío com' á neve mesma,
Para chorar sin alento,
Rosiña que os ventos creban...
¡Ay, máis valera, meniño,
Que quen te dou non te dera!
Qu' os fillos dos probes nacen,
Nacen para tales penas.

Así se expricaba Rosa
Nó medio da noite negra,
O pe d' unha negra porta,
Toda de lañas cuberta.
Mentras tanto murmuxaban
Por entr' a robreda espesa
Do río as revoltas agoas
E os berridos da tormenta.
Tod' era sombras no ceo,
Tod' era loito na terra,
E parece qu' á *compaña*
Bailab' antras as arboredas
C' as chuchonas enemigas,
E c' as estricadas meigas.

En tanto un choro soave
Sentir no espaço se deixa,
Tal como gaita tocada
Nunh' alborada serena;
Tal como lexana frauta
Cand' ó sol no mar se deita,
Cuyo son nos tray ó vento
C' os cheiriños da ribeira.

No medio da chouza escura
Que triste Rosa contempra,
Unha luz branca se mira
Com' aurora que comença.
Olido de frescas rosas
Os aires da noite incensan,
Cal si todas se xuntaran
As froles da primadera;
Soan cantares extraños,
Soan músicas que alegran;
Músicas son e cantares
Nunca sentidos na terra,
Por eso, pasmada Rosa,
Pouquiño á pouco s' achega,
E por unha regandixa
Postrada no chan axexa.

Nunca humanos ollos viron
O que veu estonces ela,
Que si non morreau estonces
Foy porque Dios no quixera:
De resplandecente groria
Rayos d' amor se refrexan
Do abandonado meniño,
Sobr' á dourada cabeça;
E porqu' esté máis contento,
E porque máis s' entreteña,

Cabe ó seus peîños crecen
Frescos ramos de asucenas.
Xa non dorm' en probe cuna,
Qu' outro berce lle fixeron
C' as alas os anxeliños
E có seu lume as estrellas.
Nubes de color de rosa
Fanlle branda cabeceira,
Sírvelle de cubertura
Un rayo de luna cheya,
Y á Virxen santa, vestida
Con vestido de inocencia,
Por que de fame non morra
E fartiño s' adormeça,
Dalle maná do seu peito
Con qu' os seus labios refresca.

Mentras ó mundo existise,
Rosa mirando estibera
Con tanta groria encantada,
Con tanta dicha suspensa;
Mais unha voz lonxe s' oye
Por antr' os olmos da veiga
Que cantando amorosiña
S' exprica de esta maneira:
"Hora, meu meniño, hora,
Logo che darey á teta,
Hora, meu meniño, hora,
Xa non chorarás por ela."

Esto cantaron. En tanto
Có á Virxe desapareceran
Os anxeliños, deixando
En derredor noite espesa.
Xa se sinten as pasadas
Por xunto da corredeira;

Xa saltaron ó portelo,
Xa cerraron á cancela...
A probe nay corre, corre,
Qu' ó seu filliño ll' espera;
Mais cando chega, dormido
O seu filliño contempra.
Dill' estonces, mentras tanto
Qu' en bicalo se recrea:

—Miña xoya, miña xoya,
Miña prenda, miña prenda,
¿Qué fora de ti, meu santo,
Si naiciña non tiberas?
¿Quén, meu fillo, te limpara,
Quén á mantença che dera?

—O que manten as formigas
E os paxariños sustenta. —

Dixe Rosa, y escondeuse
Por antr' á nebrina espesa.

XXI

Non che digo nada...
¡Pero vaya!

I

Pasan n' aquesta vida
Cousiñas tan extrañas,
Tan raros feitos vense
Neste mundo de trampa;
Tantos milagres vellos
Tan novas insinanzas,
E tan reboltos allos
Con nome d' ensaladas,
Que non che digo nada...
¡Pero vaya!

Meniña, ven vestida;
Meniña, ven calzada,
Que ten roupa de cote,
Que ten roupa de garda;
Meniña, que ben folga,

Meniña, qu' anda maja,
Y é probe, malpocado,
Com' unha triste araña...
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Véxote aló antr' os millos,
Véxote aló nas brañas,
Xa no pinar espeso,
Xa na beiriña mansa
Do río que correndo
Vay antr' as verdes canas,
E xuras qu' estás soya,
Que naide t' acompaña...
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Casada, casadiña,
Que gustas ser falada,
Que bailas c' as solteiras
Nás festas e ruadas,
Que tes ná boca á risa
E que c' os ollos falas,
E que á ó falar con eles
Parece que che saltan,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Cando mirar te miro
Tan limpa e tan peinada,
Loitar c' os rapaciños
Hastra qu' en ti se fartan,
E vas dimpois xurando
Qu' eres muller sin chata,
E dís qu' ás máis non teñen
Contigo comparanza,

Non che digo nada...
¡Pero vaya!

E ti, Rosa, Rosiña,
Modesta e recatada,
Que falas tan maíniño,
Que tan maíniño andas,
Qu' os pes d' os homes miras
Para non verlle á cara,
E fás que non entendes
Cando d' amor che falan,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Vas pó-la mañanciña
A misa c' as beatas
Dempois... (porqué ti ó sabes)
De xunta d' elas largas;
E si ná corredoira
Xunto da verde parra,
Non sey con que xentiña,
Páraste ou non te paras,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

En ti, rapás garrido
De tan melosas falas,
Tan majo de monteira,
Tan rico de polainas,
Tan fino de calzado
Como de mans fidalgas,
Cando me dis que gustas
De traballar na braña,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Ti falarás d' amores
Cousiñas ben faladas;
Ti loitarás c' as nenas
Como ningún loitara;
Ti beberás do mosto
Hasta quedar sin fala;
Pero cós teus sudores
Mollar á terra ingrata...
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Mais tantas cousas vexo
Que me parecen trampa;
Tanto sol entre nubes,
E tan revoltas auguas
Qu' asemellarse intentan
A unha fontiña crara,
Que por non perder tempo
Donde non quito racha,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

II

Pasan n' aquesta vida
Cousiñas tan extrañas,
Tan raros feitos vense
Neste mundo de trampa;
Tantos milagres vellos,
Tan novas insinanzas,
E tan revoltos allos
Con nome d' ensaladas,
Que non che digo nada...
¡Pero vaya!

E qu' algo deprendera,
Triste de min, coidaba;
E qu' á experencia neta
Ninguén m' iba en puxanza
Por ter na frent' enrugas
E ter caniñas brancas,
Cando hay hoxe uns mociños
Mesmo dende que maman.
Que non che digo nada...
¡Pero vaya!

Xa non che val, Farruco,
Que vivas en compaña
Dos anos pensadores
Nin da experencia calva,
Nin qu' ollo alerta vivas
Com' á cordura manda,
Que donde menos penses
Tamaña lebre salta.
Que non che digo nada...
¡Pero vaya!

Xa sendo noit' escura
Dinche qu' é noite crara;
Xa estand' ó mar sereno
Che din que fay borrasca,
E tanto te confunden
E tanto te acobardan,
Qu' anque falar quixeras
Tal coma Dios che manda,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Si eres francés, meu vello,
Si eres da lonxe Australia,
Si aló do sol baixaches

Ou dás estrelas pálidas,
Con seria gravedade
Quisáis che preguntaran,
E ti pasmado todo,
Calado mormuraras:
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Por eso, meu velliño,
Si d' estudiar non tratas
A cencia d' estos tempos,
Qu' é com' el augua crara
Anque c' á parromeira
Tamén ten comparanza,
Que nesto á cencia estriba,
Y en ter distintas caras,
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Sin entender un ele
Verás que ben s' amañan
Honrados e sin honra,
Rameiras e beatas;
Verás cómo s' axuntan,
Verás cómo se tratan,
Mentras que ti marmuras
C' á lengua d' unha coarta.
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

Verás cor de sireixa
Quen foy cor d' esmeralda,
Y aqueles tan azues
Que sangre azul manaban,
Manar sangre bermella
Pó-la moderna usanza,

Y esto con tal chistura
E con fachenda tanta,
Que non che digo nada...
¡Pero vaya!

Verás qué revolturas,
Qué ricas contradanzas,
Qué gaitas con salterio,
Qué pífanos con arpas,
Qué dengues encarnados
Con mantilliñas brancas,
Chapurra que chapurra
En confusión tan varea.
Que non che digo nada...
¡Pero vaya!

Ti pensarás qu' aquesto
E tod' unha antroidada,
Qu' aquí un levita sobra
Y unha chaqueta falta;
Qu' alí se comen lebres
En vez de calabazas,
E tocan frautas donde
Deben tocar campanas...
Mais non che digo nada...
¡Pero vaya!

Deprende, meu velliño,
A cencia ben amada,
Que saibamente insina
Tan rica misturanza,
Si queres ser sabido
En cousas tan extrañas,
Pois antre tantas nobas
As costumiñas rancias...
Non che digo nada...
¡Pero vaya!

XXII

Mais ó que ben quixo un día,
Si á querer ten afición,
Sempre lle queda unha magoa
Dentro do seu coraçón.

I

Aló nas tardes serenas,
Aló nas tardes caladas,
Fanse máis duras as penas
Que nas brandas alboradas.

Aló nas tardes sombrisas,
Aló nas tardes escuras,
Fanse máis cortas as risas.
Máis negras as desventuras.

Que non hay sera tranquila
Para quen remorsos garda,
E máis presto s' aniquila
Canto máis á noite agarda.

II

Eu ben sei d' estos secretos
Que s' esconden nas entrañas,
Que rebolen sempre inquietos
Baixo mil formas extrañas.

Eu ben sei d' estos tormentos
Que cosomen e devoran,
Dos que fan xemer os ventos,
Dos que morden cando choran.
....

Y anqu' hora sorrindo canto
Anqu' hora canto con brío,
Tanto chorey, chorey tanto,
Com' as auguiñas d' un río.

Tiben en pasados días
Fondas penas é pesares,
E chorey vagoas tan frías
Com' as auguiñas dos mares.

Tiben tan fondos amores
E tan fondas amarguras,
Qu' era fonte de dolores
Nacida entre penas duras.

III

Hora río, hora contento,
Vou pó-las eiras cantando,
Vendo d' onda ven ó vento
Cando vou levar ó gando.

Hora con grande sosiego
Durmo na veira d' as fontes,
Durmo na veira d' os regos,
Durmo na punta d' os montes.

Mais ó que ben quixo un día,
Si á querer ten afición,
Sempre lle queda unha magoa
Dentro do seu coraçón.

XXIII

Castellana de Castilla
Tan bonita e tan fidalga,
Mais á quen para ser fera
Cá procedensia ll' abasta.
Desime, miña señora,
Xa qu' os mostrás tan ingrata,
Si ó meu rendimento homilde
Bascas d' enoxo vos causan,
Pois cand' onda vos me achego
Cuspís con ardentes ansias,
Y ese mirar de pombiña
Volvés en fosca mirada,
Tornando en sombrisa noite
O día qu' en sol se baña.
En vano intento, señora,
Saber por qué me maltrata
Dama d' un alma tan nobre,
Anque soberba por fama,
Pois né motivo á despreço
Sintirse tan ben amada,
Qu' as mesmas pedras, señora,

D' un bon querer se folgarań.
Din que na nobre Castilla
Así os gallegos se trata,
Mais debe saber Castilla,
Que de tan grande s' alaba,
Que sempre á soberba torpe
Foi filla d' almas bastardas.
E sendo vos tan sabida,
Nunca de vó-lo pensara,
Que de tan alto baixando
Vos emporcases na lama.
Nin que chamándovos nobre
Tanta nobreza enfouçaras
Imitand' os que vaîdosos
No qu' está débil s' ensañan.
Pero máis val qu' enmudeça,
Pois tés condición d' ingrata;
Que predicar en deserto
Da miña terra né usanza.
Si fun curpabr' en quereros
Coma ningún vos amara,
Por ser de terra gallega
E sérdes vos castellana.
En paz, señora, vos deixo
C' a vosa soberba gracia,
E voume á Galicia hermosa
Dond' en xuntanza m' agardan
O que no tendes, señora,
Y ó qu' en Castilla n' achara,
Campiños de lindas rosas,
Fontiñas de frescas auguas,
Sombra na veira d' os ríos,
Sol nas alegres montañas,
Caras que nacen sorrindo
E que sorrindo vos aman,
E qu' inda mesmo morrendo

En sonrisiñas se bañan.
.Alí, señora, contento
Cantando ó doçe *ala lala*
Baixo á figueira frondosa
En baixo da verde parra,
C' aquelas frescas meniñas
Que mel d' os seus labios manan
Cando en falar amoroso
Meigo nos din en voz maina.
Con tóda-las de Castilla
Nobrísimas castellanas
Olvidareivos sin pena,
Anque sós vos tan fidalga.
Que aló saben ser altivas,
Pero non saben ser vanas,
Y é fácil con doçes tomas
Olvidar tomas amargas.
Déchesmas vos, mi señora,
Con despreço envenenadas,
Inda con fero máis fero
Que pelica de laranxa;
Mais teño por que me pase
Aquel sarrapio qu' escalda,
Teño unha dama nos Portos,
Outra no Ribeiro d' Avia,
Si á dos Portos é bonita
A do Ribeiro lle gana.

XXIV

Queridiña d' os meus ollos,
Saberás como estou vivo
Nesta vila donde adoito
Dende que chegín de Xinzo.
Saberás com' á Dios gracias
Y ó escapulario bendito
Non afogamos no mare
Como coidaba Xacinto
Qu' é tan valente, á bofellas,
Como' os alentos d' un pito.
Saberás como dempois
Me puñeron moy vestido
Con roupa azul e amarela
Cal andan tódo-los quintos,
E logo todos xuntados,
Inda máis de vintecinco,
Nos paseamos pó-las calles,
Qu' era mesmo un adimiro
De tan majos como íbamos,
De tan brancos é tan limpos.
¡Si me viras, queridiña,
Cal outras qu' eu sei me viron!

Cad' ollada me botaban
Xa de través, xa de fito...
Y eran meniñas graciosas
Con moita salsa no pico,
Mais ningunha d' este peito
Poido arrincarm' un sospiro,
Qu' ó teu retrato alí estaba
Rabuñando paseniño.
Qu' anque d' onda ti partín,
Prendiña que tanto estimo,
Non vin soyo, miña xoya,
Que ti viñeche comigo.

¡Si souperas cánto peno,
Si souperas cál m' afrixo
Cando m' acordo nas noites
D' aqueles teus cantariños!...
Ora en ti penso disperto,
Ora en ti penso durmindo,
E sempre en ti estou pensando
Como si foses feitiço.
Seique meigallo me deche
Na festa do San Martiño,
Amasado c' os teus dedos
Nunha bola de pan trigo.
Mais nóno sinto por eso,
Qu' anque me deras martirio
Por vir de ti, queridiña,
Com' un año recibírao.

Nada me distrai, Rosiña,
Da pena que por ti sinto;
De día como de noite
Este meu coraçonciño
Contigo de cote fala
Porqu' eu falar ben ó sinto;

Un falar tan amoroso
Que m' estremeço d' oílo.
¡Ay!, qu' extrañeza me causa
E soidás e martirio,
Pois así cal el che fala
Quixera falar contigo
Cal outros tempos dichosos
D' os nosos amores finos.

Cántas veces nos xuramos
Cando lavabas no río
O pe d' un alto salgueiro
Antre risas e sospiros:
"¡Xa nunca máis separarnos,
Xa nunca máis desunirnos!"
Mais aqueles xuramentos
Tal como rosas d' espiño
Lixeiriños s' espallaron
A un sopro d' os ventos fríos.
Ora có mar de por medio
¡Adiós, amantes cariños!
Nin ti me ves nin te vexo
Aló na beira do río,
Naquelas crariñas noites
De folga pó-los domingos.
As amoriñas maduran
Nas silveiras d' os camiños;
Naçen as froriñas brancas
Por antr' as canas do millo.
O río pasa-que-pasa,
Canta nas pónlas os xilgaros,
Todo está verd' e frondoso,
Todo está fresco è frorido;
Sólo nos, Rosa, faltamos
Naqueles verdes campiños.

Rosiña, dame un consolo
Par' este dolor qu' eu sinto.
¡Ay, qu' os recordos me matan!
¡Ay, que acabarán comigo!
Di s' inda me queres moito,
Mandamo á decir pretiño;
Dime si gárdal' o pano
Que che din por San Benito
Qu' ó merquei na quinta feira
Por doce cartos e pico.
Dime tamén si deprendes
Pó-la cartilla de *Cristus*
A ler como m' ofreceches
Para ler os meus escritos,
Qu' en sabendo algunhas letras
Dempois irás traducindo.
Eu xa lle perdín ó medo
A escribiduras e libros,
Pois fago uns palotes netos
De qu' eu mesmo m' adimiro,
Tan grandes como fungueiros
E máis gordos sinon minto.

Adiós, expresiós che mando
Pó-lo burro de Camilo,
Que non sei cal che dirá
Estas cousas que ll' exprico;
Mais sabe, miña Rosiña,
Rosiña de doce olido,
Que si ti xa ler souperas
Os palotes qu' eu escribo,
Escribirache unha carta
Nas alas d' un paxariño.

XXV

A ROBERTO ROBERT

Redactore da "Discusión", á quen lle gustan ós contos y ó gallego

I

Aló no currunchiño máis hermoso
Qu' á luz do sol na terr' alomeara,
Veiga frorida e prado deleitoso
Qu' á os campiños do Edén s' acomparara;
Aló ond' ó Sar soberbo e caudaloso
Parece que se dorme ó que se para
(Tan maino corr' antre á robreda escura),
Alí naceu Vidal ó sin ventura (1).

---

(1) Eu ben sei qu' en rigor estas octavas non son en maneira algunha á glosa d' un "cantar", e que mellor e con máis propiedade podía chamarse "conto": pero como pó-lo d' ahora non penso facer en gallego nengún libro de contos póñoo aquí, unha vez que nestes cantares tratei de pintar as costumes d' os nosos probes aldeáns, e sirven estas octavas prá dar á conocer unha d' as máis antiguas e máis usadas. Sempre me conmoveu o relato de este conto sencillo, patriarcal, e por eso decidinme a versificalo, contando c' a benevolencia d' os lectores. ¡Son tantos os desdichados a quen nas nosas aldeas non se ofrece a "proba do porco", e que soñan có día en que, como Vidal, poidan decir á os seus avaros veciños: "Adiante c' ó varal!..."

II

¡Qué reposo! ¡Qué luz!... ¡Qué garruleiro
Brando cantar d' os vareos paxariños
Cand' ó salir do sol pó-lo quinteiro
Douraba fontes, lagos e campiños!
¡Qué libre respirar!... ¡Qué placenteiro
Ir e vir dos cabirtos xuntadiños!
¡Qué frescas, qué polidas, qué galanas,
Iban có gando as feitas aldeanas!

III

Nunca ó rumor do mundo corrompido,
Nunca da louca socied' as vaïdades,
Nin brillo d' os honores fementido
Foran trubar tan doçes soledades.
Ceo azul, sol d' amor, campo frorido,
Santa paz sin remorso nin saudades,
Horas que van maiñiñas camiñando,
Tal alí tempo e vida iban pasando.

IV

Como ó ventiño da mañán pirmeiro
No seyo d' as rosiñas se dormía,
E cal dempois toliño e rebuldeiro
Pó-lo espaço inmensísimo subía,
E volvendo á baixar murmuradeiro
Por enriba d' as chouzas rebulía,
Nas aliñas lovand' ó fumo leve
Qu' en trubias ondas á subir s' atreve.

V

E como ô mediodía, fast' o río
Brisas, aires, pradiños e arborado
Pousaban calorosos e sin brío
Cal viaxeiro sedento e fatigado;
E como da seran ó alento frío
De arrulos misteriosos impregnado
Con pasiño lixeiro s' achegaba
Y aire, río e floriñas axitaba.

VI

Pasiño a paso a traballada xente
D' os campos as chousiñas se volvía,
Mentras no lar o pote sarpullente
C' as ricas berzas á cachón fervía.
As fabas y as balocas xuntamente
Có touciño sabroso nel se vía,
En compañ' amigable e farturenta
Qu' alegra, que convida e que sustenta.

VII

Dempois da frugal cea, ó cariñoso
Resplandor do luar claro e soave
Iban gozar ô enxido de reposo
Có abó, qu' á longa historia contar sabe.
O rosario da Virxe proveitoso
Logo rezaban con asento grave,
Y alma e corpo tranquilo se dormía
Esperando ó folgor do novo día.

VIII

Tod' era paz e amor e augua serena,
Tod' era craro azul no firmamento,
Nin houbo alí á soberba qu' envenena,
Nin vano goce, nin fatal tormento.
Nin louco rebuldar, nin fonda pena,
Nin baixo aborrecido pensamento,
Vidiña tan risoña atormentaba,
Pois doçe e mainamente se folgaba.

IX

Naide n' aquel lugar probe se vira
Qu' uns ben y outros non mal foran vivindo,
Y un qu' afroxa de máis y outro qu' estira
Fóranse acomodando e repartindo.
Ningún da negra fame á man sentira
O seu peito fortísimo oprinmido,
No máis que á desdichada criatura
Que se chamou Vidal ó sin ventura.

X

Orfo ende que nacera, á sorte triste
Déralle por herencia ó desconsolo,
C' o á negra soledá, qu' ô probe asiste,
Naide na terra se topou tan solo.
De canto en polvo terrenal se viste
Inda correndo un polo y outro polo,
Qu' era prob' e dorido antr' os doridos
E afrixido antr' os tristes afrixidos.

XI

Tiña por casa un cortelliño escuro,
Tiña por leito ó chan humedecido,
Por cubirtor á neve e vento duro
Qu' entraba pó-las fendas arresido.
Tiña ó sustento escaso e mal seguro
Que dan de porta en porta ô qu' é perdido,
Qu' así lla din con bulra non escasa
O que por probe neste mundo pasa.

XII

En xamáis ó infeliz decir poidera
"¡Esto que teño é meu!", qu' á sorte dura
N' inda por conceder lle concedera
Un pouco de querer ou de ternura.
Nin un pouco d' amor, que donde houbera
Pobreza, e soledad' e desventura,
Groria, dicha e querer correndo pasan
Y á entradiña da porta non traspasan.

XIII

Sempre por dicha prá Vidal había
Caldo e máis pan n' algún lariño alleo,
Y á máis á caridá non s' extendía,
Que fora un mal matarlle outro deseo.
Que si á cousas mellores s' afacía
Y outro váreo comer y outro recreo,
Traballo lle custara á bon seguro
Comer dempois berciñas e pan duro.

XIV

Tal conta á xente corda se botaba
Con parsimonia concençuda e grave,
E refráns sabios con afán buscaba
Dos que din "Nunca dés do que ben sabe."
Y ô compango Vidal nunca probaba
Por qu' era á sobriedá santa e saudabe,
Según á xente de poder decía,
Anqu' ela ben folgaba e ben comía.

XV

Cando d' os porcos á matanza viña,
¡Qu' amabre chamuscar nas limpas eiras
O despertar da fresca mañanciña!...
¡Qu' alegre fume antr' olmos e figueiras,
Olendo á cocho pó-los aires viña!
¡Qu' arremangar d' as nenas mondongueiras!
¡Qu' ir e vir dend' o banco hastr' a cociña!
Y aló no lar, ¡qué fogo!, ¡qué larada!
¡Qué rica é qué ben feita frixolada!

XVI

Fígado con cebola ben frixida
Y unha folliña de laurel cheirosa,
Qu' inda á un morto ben morto dera vida
De tan rica, tan tenra e tan sabrosa.
Raxo en sorsa c' un cheiro que convida,
Y á sangre d' as morcillas substanciosa
En fregada caldeira rebotando
A que fagan morcillas convidando.

XVII

Cuadro tan agradabr' e farturento
Por tod' á vecindá se repetía,
Con garular, e risa, e gran contento,
Que suceso tan grande ó requería,
Mais por que lle sirvise de tormento,
Sólo na chousa de Vidal n' había
Nin porco, nin mondongo, nin fartura,
Qu' era todo nubrado e desventura.

XVIII

Nas frías pedras do seu lar sentado
Tan váreo movemento contempraba
De negra soledade acompañado:
Naide â festa do porco ó convidaba.
Qu' era probe Vidal y era olvidado,
Y á presença d' un probe alí estorbaba;
Por eso entre suspiros repetía:
"¡Ay, quén fora riquiño un soyo día!"

XIX

Tales eran de cote os seus deseos,
Mais nunca, ¡triste sorte!, se cumprían;
E todos, todos de miseria cheos,
Anos tras anos sin cesar corrían.
X' era bello Vidal, y os duros ceos
De tan negro sufrir non se doïan,
Qu' inda ó porco Vidal nunca probara
Nin naide á tal festiña ó convidara.

XX

Tal com' era costume á rica proba
Veciños con veciños se trocaban
(Ind' oxe esta costume se renova),
Mais á Vidal veciño non chamaban,
Que fora indina misturanza boba
Ir á dar donde daïba non topaban,
E por eso Vidal, probe coitado,
Nunca catou morcilla ó desdichado.

XXI

Mas, ¡ay, pícaro mundo!, ¡mundo aleve!
¿Quén de teus pasos e revoltas fía?
¿Quén afirmar empávedo, s' atreve
Que non se pode á noite tornar día?
¿Quén en tempo tan rápido e tan breve
Os conocidos de Vidal diría
Qu' aquela triste homilde criatura
Iba nadar en ondas de ventura?

XXII

¡Y así pasou!... Qu' aquel que todo mira
Aló da inmensa e trasparente esfera,
Donde c' os astros sentellantes xira,
Misericordia de Vidal tibera.
O torpe olvido dos podentes vira
Y á pena de Vidal compadecera,
E có seu brazo misterioso e forte
Trocou d' un sopro á temeraria sorte.

XXIII

Tal pó-las portas de Vidal entrara
Como en campo sedento farto río,
Aló de Cáis harencia qu' envidiara
O máis encopetado señorío.
Ucha d' ouro ôs seus ollos relumbrara
Dándolle desváreo, e risa, e frío,
Sendo tamaña á dicha que sentía,
Qu' o coraçon con ela non podía.

XXIV

Dempois chorou, sorreu, bicou á terra
Inda pó-la seu pranta humedecida,
E canta dicha á humanidad encerra
Verteuse do seu peito escandecida.
Logo volvendo en sí, casi s' aterra
De ver ventura tan sin par cumprida,
E postrado ante Dios fervente ora
Y ó seu misterio portentoso adora.

XXV

Cumprido este deber Vidal, reposto
De sorpresa tan grave e pracenteira,
Pónse limpio, amañado e ben composto,
Có á graciña de Dios por compañeira.
Cal s' adimira d' ó mirar tan posto,
Cal lle di qu' é galán por derradeira,
Y anque calvo quedou como San Pedro,
Dinlle que ten risado pelo negro.

XXVI

Chámalle aquel "amigo" ¡cousa rara!,
Qu' antes "¡Vidal!" con sorna lle desía,
Y outro lle volve pracenteiro á cara
Que nantronte ó caris lle retorsía.
Tal miniña de velo se trubara,
Tal outra xunta dél se revolvía,
E seica con faltou quen lle dixera
Que feito com' un santo se volvera.

XXVII

Qu' é triste ó rostro da mortal probeza
Qu' entre ximidos e dolores nace,
Y hastra á hermosura ven cando riqueza
Có seu mirar risoño nos comprace,
Presta o diñeiro encanto e gentileza,
Y un Dios ó mesmo demo se tornara
Si tomando á figura de banqueiro
Remexése diñeiro e máis diñeiro.

XXVIII

Estos misterios son... eu me confundo
Y en van' ôs espricar me propuñera;
Pero Vidal, filósofo profundo,
Qu' anque xamáis nos libros deprendera
A costa propia deprendeu no mundo,
Non de mudansa tal se sorprendera,
Qu' aló no seu caletre â adiviñara
Cando en ser rico con afán soñara.

XXIX

Por eso recibeu con cortesía
Recrebos, agasaxo e comprimento,
Q' un tras outro homildoso lle facía,
Escoria vil do humano sentimento.
El á baixesa d' eles comprendía
Y anque vano nin torpe pensamento
Contra sentiñas tales meditaba,
Forte e seria lisión darlles pensaba.

XXX

Unha mañán á un santo e bon suxeto
Un quiño le mercou, ¡soberbio quiño!,
Tan níveo, tan plantado e tan repleto
Cal nunca ó vira tal ningún veciño.
Era curto de perna, o lombo neto,
Do rabo hastra á cabeza redondiño,
Y ó coiro tan graxento reluxía
Que mesmo de manteiga paresía.

XXXI

—¡Alabado sea Dios! — ¡Dios ch' ó bendiga!
—¡San Antonio ch' ó garde! — así excramaban
Mentras qu' ó cocho á paso de formiga
Y ó seu dono Vidal serios pasaban.
A falarlle á Vidal cada un s' obriga
Qu' ó porco xa mortiño contempraban
E n' era de perder tan bon bocado
Pó-las mans de Vidal morto e salgado.

XXXII

Leg' ó berrido do infeliz pasente
Que sofre có coitelo morte dura
Fender ós aires no lugar se sente,
Pouco á pouco á gorxiña queda muda.
O suspiro postrer soa estredente,
A sangre corre, ó matachín xa suda,
E n' aquel grave e quírtico momento
E ó porco vida e mundo e pensamento.

XXXIII

O difunto alí está repantrigado,
C' unha cebola n' antraberta boca
(Qu' inda parés qu' á come ó desdichado),
Pero no-no chorés qu' á él solo toca
Dormir sono tan tristes descuidado,
Pois as iras d' inferno non provoca
Nin groria ten nin porgatorio ardente,
El dormirá insensible eternamente.

XXXIV

Non cab' en sí Vidal de tan contento,
O cheiriño do porco ll' enlouquece,
Qu' entr' os porcos nacidos é un portento
Aquel qu' ante seus ollos aparece.
Certa satisfacción, certo contento
No rostro d' os presentes resplandece,
Que mesmo quer decir en lenguax mudo:
"¡Este sí que ch' é un porco repoludo!"

XXXV

Mais c' ó cocho Vidal soyo se encerra,
Mentras qu' á xente aturrullada mira...
Cál se pasma, cál bufa, cál s' aterra,
Que nunca tal n' aquel lugar se vira,
Cal outro lle xurando eterna guerra,
Dâs voltas que da ó mundo s' adimira,
Pois que nunca en xamáis nengún veciño
Lle batera c' á porta no fociño.

XXXVI

Era aquel un rifar desesperado,
Pero Vidal ó xordo se facía;
A noit' enteira se pasou cerrado,
Y ô arbor pirmeiro do siguiente día,
C' un varal de morcillas ben cargado
Que á pouco de cargado se rompía,
Aparaceu lavado e reverendo
A todos c' ó seu porte sorprendendo.

XXXVII

El direitiño ô seu facer marchaba
Con paso despacioso camiñando,
E un sorrir nos seus labios s' atopaba
Qu' antroido iba dicindo ou contrabando.
Dempois con voz qu' as xentes atroaba,
Foise de porta en porta perguntando:
—¿Déronlle aquí morcillas á Vidal?
—¡¡Aquí non!! — *¡Pois adiante c' ó varal!*

XXVII

Así as chousas correu unha por unha
Y ó varal inteiriño inda se vía;
Con triste *si* non respondeu ningunha
De cantas en redondo requería.
Rindos' en tanto á falsa de fertunha
Con sonsa voz de bulra repetía:
—¿Déronlle aquí morcillas á Vidal?
—¡¡Aqu non!! — *¡Pois adiante c' ó varal!*
....
....

XXXIX

Vidal morreu, y ó tempo foi pasando,
Braso qu' os duros mármores arrasa
Antre helados escombros enterrando
De bon Vidal á solitaria casa;
Mais sempre esta historiña foy quedando,
Ind' exe mesmo por proverbio pasa,
E cand' ó nome de Vidal s' invoca,
Muda sole quedar máis d' unha boca.

XXVI

—Meniña, ti á máis hermosa
Qu' á luz do sol alumbrara;
Ti á estrela da mañanciña
Qu' en puras tintas se baña;
Ti á frol d' as froridas cumbres,
Ti á ninfa d' as frescas auguas,
Ti como folia do lirio
Branca, pura e contristada.
¿Quén eres, fada sin nome,
De tan dormentes miradas,
De tan dorida sorrisa,
De feituriña tan cándida?
¿Quisáis de muller naceches
Sendo tan limpa e tan casta?
¿Quisáis d' as brisas da tarde,
Quisáis d' as brétemas vagas...
D' as burbulliñas d' un río,
Quisáis d' unha nube branca?
¿Ou as espumas do mare
A un rayo de sol xuntadas
Pousáronte ô ser d' aurora
Nunha cunchiña de nacra?

Mais d' onde queira que seas,
Tristísima pasionaria,
Por ti sinto un amor puro
Que pouco á pouco me mata;
Por ti de noite e de día
Cal vaga sombra encantada,
Preto do teu vivir ximo,
Ximo c' os ventos que pasan
Facendo vibrar sonoras
Sentidas cordas d' un arpa,
Que con ecos tembradores
D' os meus amores che falan.
Mais dime: ¿por qu' estás muda?
Di por qu' estás solitaria,
Di por qué vives nos montes
C' os paxariños que cantan,
Mentras ti choras e choras
O pe d' un olmo sentada,
Toda de loito cuberta,
Toda cuberta de lágrimas.

—Déixame vivir nos montes,
Déixam' estar solitaria.
Déixame c' os paxariños
Qu' en derredor de min cantan.
Déixame vestir de loito,
Cuberta por tristes vágoas,
Y eco de homes non escoite
Nin son d' armoniosas arpas,
Qu' eses sons d' amor á vida
Rompen as miñas entrañas,
Si d' eles, galán, por sorte
Doçe consolo arrancaras
Para un dor que non ten cura.
Para un mal que non s' acaba.
¡Si ô seu vibrar sonoroso

As tombas se levantaran
Y ó polvo que nelas mora
Volto á vivir s' axitara!...
Mais cala, galán...; non toques
As soaves cordas d' un arpa,
Que nin da vida ôs que morren
Ni as tristes tombas levanta.
Cala, gálan, c' os cantares
Que con pasión d' amor cantas,
Qu' os meus amores morreron
Y aló entre tombas m' agardan.
Para min morreu á dicha,
Morreu tamén á esperanza,
Cubreuse ó ceo de tristura
Y á terra d' ásperas prantas.
Déixame vivir nos montes,
Déixam' estar solitaria,
Déixame vestir de loito,
Cuberta d' amargas lágrimas.
Qu' á rula que viudou
Xurou de non ser casada,
Nin pousar en ramo verde
Nin beber d' augua crara

XXVII

I

¿Qué ten ó mozo?
¡Ay!, ¿qué terá?
Ponm' agora unha cara d' inverno,
Despois na fiada ¡sorrisas de tal!...
Quer que baile con él n' o muhiño,
Y aló pó-la vila, nin fala quixáis...
¿Qué ten ó mozo?
Pois... ¿qué terá?

Unhas veces, canciño de ceño,
Por' ond' eu andare seguíndome vay;
Non hay sitio dond' eu non atope
Un Bras con cirolas y os zocos na man.
¡Ay, qué mociño!...
¡Ay, qué rapaz!

N' outro instante, ¡mirá qué fachenda!...
Atruxos qu' asombran ó mesmo lugar.
¡¡¡Brrr!!!, parece que pasa soberbo,
Mandando nos homes su real maxestá.

Mociño, ¿és tolo?
¡Ay!, ¿s' ó serás?

Eu non podo entender meu amore,
Qu' airiños te levan, qu' airiños te trân,
Nin tampouco cal xeito te cadra,
Tratándose, mozo, d' ó teu namorar.
¡Ay! ¡Dios me libre,
De ti, bon Bras!

Que no meu entender t' acomparo
O mesiño de marzo marzal:
Pó-la mañán, cariña de rosas;
Pó-la tarde, cara de can.
¡Mala xuntanza
Facemos! ¡¡Ay!!

II

¿Qué di á meiguiña,
Qué di á traidora?
Coraçón qu' enloitado te crubes,
C' os negros desprezos qu' á falsa che dona,
¿Por qué vives sofrindo por ela?
¿Por qué, namorado, de pena saloucas?
S' ela é bonita,
Ela é traidora.

Di con mengua de min que non sabe,
Qu' airiños me viran veleta mal posta...
Que ch' ó digan, rapaza, os teus ollos,
Qu' agora me chaman, dempois me desbotan.
Qu' anqu' és bonita,
Eres traidora.

S' unhas veces amante che falo,
E s' outras renego de ti... ¡pecadora!
¿Cáles auguas repousan serenas,
S' ó vento qu' as manda rebole antr' as ondas?
E ti ben sabes
Qu' és revoltosa.

Son canciño de cego en quererte...
Tal bulra merece quen ama sin conta,
Pois c' os zocos na man ou sin eles
As portas d' ó inferno seguíndote fora.
Tal estou tolo,
Tal és graçiosa,

¡Que de marzo marzal teño á cara!...
Quixáis qu' así sea, mais ti, miña yoya,
Tamén és cal rayola de marzo,
Qu' agora descrube, qu' agora s' entolda.
Iguales semos,
Nena fermosa.

XXVIII

Castellanos de Castilla,
Tratade ben ôs gallegos:
Cando van, van como rosas,
Cando ven, vén como negros.

—Cando foi iba sorrindo,
Cando veu, viña morrendo
A luciña d' os meus ollos,
O amantiño do meu peito.

Aquel, máis que neve branco,
Aquel de doçuras cheyo,
Aquel por quen eu vivía
E sin quen vivir non quero.

Foi á Castilla por pan,
E saramagos lle deron;

Déronlle fel por bebida,
Peniñas por alimento.

Déronlle, en fin, canto amargo
Tén â vida no seu seo...
¡Castellanos, castellanos!
Tendes coraçón de ferro.

¡Ay!, no meu coraçonciño
Xa non pode haber contento,
Qu' está de dolor ferido,
Qu' está de loito cuberto.

Morreu aquel qu' eu quería,
E para min n' hay consuelo:
Sólo hay para min, Castilla,
A mala ley que che teño.

Premita Dios, castellanos,
Castellanos que aborreço,
Qu' antes os gallegos morran
Qu' ir á pedirvos sustento.

Pois tan mal coraçón tendes,
Secos filos do deserto,

Que si amargo pan vos ganan,
Dádeslle envolto en veneno.

Aló van, malpocadiños,
Todos d' esperanzas cheyos,
E volven, ¡ay!, sin ventura,
Con un caudal de despreços.

Van probes e tornan probes,
Van sans e tornan enfermos,
Qu' anqu' eles san como rosas,
Tratádelos como negros.

¡Castellanos de Castilla,
Tendes coraçón d' aceiro,
Alma como as penas dura,
E sin entrañas o peito!

En trós de palla sentados,
Sin fundamentos, soberbos,
Pensás qu' os nosos filliños
Para servirvos naceron.

E nunca tan torpe idea,
Tan criminal pensamento

Coupo en máis fatuas cabezas
Ni en máis fatuos sentimentos.

Que Castilla e castellanos,
Todos nun montón a eito,
Non valen o que unha herbiña
D' estes nosos campos frescos.

Sólo peçoñosas charcas
Detidas no ardente suelo
Tés Castilla, que humedezan
Esos teus labios sedentos.

Que o mar deixoute olvidada
E lonxe de li correron
As brandas auguas que traen
De prantas cen semilleiros.

Nin arbres que che den sombra,
Nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura,
Deserto e sempre deserto...

Esto che tocou, coitada,
Por herencia no universo,

¡Miserable fanfarrona!...
Triste herencia foi por certo.

En verdad non hay, Castilla,
Nada como ti tan feyo,
Qu' ainda mellor que Castilla
Valera decir inferno.

¿Por qué aló foches, meu ben?
¡Nunca tal hoberas feito!
¡Trocar campiños frolidos
Por tristes campos sin rego!

Trocar tan caras fontiñas,
Ríos tan murmuradeiros
Por seco polvo, que nunca
Mollan as bágoas do ceo.

Mas ¡ay!, d' onde a min te foches
Sin dor do meu sentimento,
Y aló á vida che quitaron,
Aló a mortiña che deron.

Morreches, meu quiridiño,
E para min n' hay consuelo,

Que ond' antes te vía, agora
Xa sólo unha tomba vexo.

Triste com' á mesma noite,
Farto de dolor o peito,
Pídolle á Dios que me mate,
Porque xa vivir non quero.

Mais en tanto no me mata,
Castellanos qu' aborreço,
Hei, para vergonza vosa,
Héivos de cantar xemendo:

Castellanos de Castilla,
Tratade ben ôs gallegos:
Cando van, van como rosas,
Cando ven, vên como negros.

LA GAITA GALLEGA

ECO NACIONAL

A mi querido amigo D. Manuel Murguía

I

Cuando la gaita gallega
El pobre gaitero toca,
No sé lo que me sucede
Que el llanto a mis ojos brota.
Ver me figuro a Galicia
Bella, pensativa y sola,
Como amada sin su amado,
Como reina sin corona.
Y aunque alegre danza entone
Y dance la turba loca,
La voz del grave instrumento
Suéname tan melancólica,
A mi alma revela tantas
Desdichas, penas tan hondas,
Que no se deciros
Si canta ó si llora.

II

Recuérdame aquellos cielos,
Y aquellas dulces auroras,
Y aquellas verdes campiñas,
Y el arrullo de sus tórtolas;
Y aquellos lagos, y aquellas
Montañas que al cielo tocan,
Todas llenas de perfumes,
Vestidas de flores todas,
Donde Dios abre su mano
Y sus tesoros agota;
Mas ¡ay!, como me recuerda
También que hay allí quien dobla,
En medio de la abundancia,
Al hambre la frente torva,
No acierto a deciros
Si canta o si llora.

III

Suenan, y cruzan por mi espíritu
Puras, risueñas y hermosas
Las sombras de los cien puertos
De que Galicia es señora.
Y lentamente pasando,
Como ciudades que flotan,
Van sus cien naves soberbias
Al ronco son de las olas;
Mas ¡ay!, como en ellas veo,
Con el oro de sus costas,
Sus tiernos hijos desnudos
Que miran tristes a Europa,
Pidiendo su pan amargo
A la América remota,

No acierto a deciros
Si canta o si llora.

IV

¡Pobre Galicia!... Tus hijos
Huyen de ti ó te los roban,
Llenando de íntima pena
Tus entrañas amorosas.
Y como a parias malditos,
Y como a tribus de ilotas
Que llevasen en el rostro
Sello de infamia ó deshonra,
¡Ay!, la patria los olvida,
La patria los abandona,
Y la miseria y la muerte
En su hogar desierto moran.
Por eso aunque en son de fiesta
La gaita gallega se oiga,
No acierto a deciros
Si canta o si llora.

V

¡Espera, Galicia, espera!
Lleva la cruz que te agobia,
Regando con sangre y lágrimas
Esa vía dolorosa
¡Tendrás sed!... Hiel y vinagre
Te darán con mano pródiga,
Y con corona de espinas,
Cetro de caña por mofa;
Pero los tiempos se acercan,
Y cuando suene tu hora,

Feliz subirás y grande
A la cumbre de la gloria.
Hoy si la gaita gallega
El pobre gaitero toca,
No acierto a deciros
Si canta o si llora.

VENTURA RUIZ AGUILERA.

1860

A GAITA GALLEGA

RESPOSTA

A ó eminente poeta D. Ventura Ruiz de Aguilera.

I

Cand' este cantar, poeta,
Na lira xemendo entonas,
Non sei ó que por min pasa
Qu' as lagrimiñas m' afogan,
Qu' ante de min cruzar vexo
Á vîrxen-mártir qu' invocas,
C' ô pes cravados d' espiñas
C' âs mans cubertas de rosas.
En vano á gaita tocando
Unh' alborada de groria
Sóns pó-los aires espalla
Que cân nas tembrantes ondas;
En vano baila contenta
Nas eiras á turba louca,
Qu' aqueles sóns, tal m' afrixen,
Cousas tan tristes me contan,
Qu' eu podo decirche
Non canta, que chora.

II

Vexo contigo estos ceos,
Vexo estas brancas auroras,
Vexo estes campos froridos
Donde s' arrullan as pombas,
Y estas montañas xigantes
Qu' aló c' âs nubes se tocan
Cubertas de verdes pinos
E de froliñas cheirosas;
Vexo esta terra bendita
Dond' ó ben de Dios rebota
E dond' anxiños hermosos
Tecen brillantes coroas;
Mas ¡ay!, como tamén vexo
Pasar macilentas sombras
Grilos de ferro arrastrando
Antre sorrisas de mofa,
Anque mimosa gaitiña
Toqu' alborada de groria,
Eu podo decirche
Non canta, que chora.

III

Falas, y ó meu pensamento
Mira pasar temerosas
As sombras d' eses cen portos
Qu' ô pe d' as ondiñas moran.
E pouco á pouco marchando
Fráxiles, tristes e soyas,
Vagar as naves soberbas
Aló nunha mar traidora.
Y ¡ay!, como nélas navegan
Os fillos d' as nosas costas

Con rumbo á América infanda
Qu' á morte c' o pan lles dona,
Desnudos pedindo en vano
A patria misericordia,
Anque contenta á gaitiña
O probe gaitero toca,
Eu podo decirche
Non canta, que chora.

IV

Probe Galicia, non debes
Chamarte nunca española,
Qu' España de ti s' olvida
Cando eres, ¡ay!, tan hermosa.
Cal si na infamia naceras,
Torpe, de ti s' avergonza.
Y á nay qu' un fillo despreça
Nay sin coraçón se noma.
Naide por que te levantes
Ch' alarga á man bondadosa;
Naide os teus prantos enxuga,
Y homilde choras e choras.
Galicia, ti non tés patria,
Ti vives no mundo soya,
Y á prole fecunda tua
S' espalla en errantes hordas,
Mentras trist' e solitaria
Tendida na verde alfombra
O mar esperanzas pides,
De Dios á esperanza imploras.
Por eso anqu' en son de festa
Alegre á gaitiña s' oya,
Eu podo decirche
Non canta, que chora.

V

"Espera, Galicia, espera"
¡Cánto este grito consola!
Págueche Dios, bon poeta,
Mais é unha esperanza louca;
Qu' antes de qu' os tempos cheguen
De dicha tan venturosa,
Antes que Galicia suba
C' á cruz qu' ó seu lombo agobia
Aquel difícil camiño
Qu' ô pe d' os abismos toca,
Quisáis cansada e sedenta,
Quisáis que d' angustias morra.
Págueche Dios, bon poeta,
Esa esperanza de groria,
Que de teu peito surxindo,
A virxen-mártir coroa,
Y esta recompensa sea
D' amargas penas tan fondas.
Páguech' este cantar triste
Qu' as nosas tristezas conta,
Que soyo ti..., ¡ti entre tantos!,
D' as nosas magoas s' acorda.
¡Dina voluntad d' un xenio,
Alma pura e xenerosa!
E cando á gaita gallega
Aló nas Castilla oyas,
O teu coraçón pergunta,
Verás que che di en reposta
Qu' a gaita gallega
Non canta, que chora.

XXIX

I

—Vente, rapasa,
Vente, meniña,
Vent' á lavar
No pilón d' á fontiña.

Vente, Minguiño,
Minguiño, vente,
Dóuche sinon
Pó-lo demo do dente.

¡Qu' augua tan limpa!
¡Qué rica frescura!
Vent' á lavar
Qu' é un primor, criatura.

Válgame Dios,
Que si auguiña n' houbera,
Lama este corpo
Mortal se volvera.

Vinde á lavarvos,
Andá lixeiriños,
A cara pirmeiro,
Dempois os peiños.

¡Ay!, ¡qué meniña!
¡Qué nena preciosa!
Dempois de lavada
Parec' unha rosa.

Y este meniño
Que teño no colo,
Dempois de lavado
Parec' un repolo.

¡Ay!, ¡qué tan cuco!
¡Ay!, ¡qué santiño!
Ven ôs meus brazos
Dareich' un biquiño.

¡Olliños de groria!
¡Cariña de meiga!
¡Apértame ben,
Coraçón de manteiga!

Corre, corre
A qu' Antona te peite,
Corre, daráche
Unha cunca de leite.

Corre, corre
A teu pay, Mariquiña,
Que come cebola
Con pan e sardiña.

II

—¡Válgate Dios,
Qu' inda os figos son duros!
¡Mais qué fartiña
En estando maduros!

El e máis eu
Y á comadre d' abaixo,
Hemos de ter
Qu' alargar ó refaixo.

Rica figueira,
Que Dios te bendiga,
Qu' ásme, abofé,
De fartar á barriga.

—¡Jey!, ó d' os ovos
Que vas de camiño,
¿Cántas duciñas
Topache no niño?

—¡Unha no máis!
—¡No me teño c' á risa!
Es' ech' un conto
Que vay par' á misa.

Dam' acá seis,
Qu' un fricol che faría,
Qu' ô mesmo rey
Qu' envidiar lle daría.

Xa que non qués
No camiño che colla
Vento de vira,
C' un saco de molla.

III

—Turra, turra,
¡Xan pó-la burra!
Mira que Pedro
A cadela ch' apurra.

¡Ay!, desdichada
De min que á vexo,
Fincarch' ó colmillo
No triste pelexo.

¡Diancre de Xan,
Que non corre nin tóa!
Ben haya, amén,
Quen os osos che roa.

¡Chúrras!, ¡chúrras!
¡Chúrriñas, chúrras!
Cás-qui-tó,
Qu' escorrenta-las burras.

Pica, pica
Suriña, pica,
Leballe un gran
O teu fillo na bica.

Marcha can
A ladrar ô palleiro,
¡Seique ch' agrada
O demoro do cheiro!

¡Baiche c' o can,
Qu' ó peixiño lle gusta!
Mais â teu dono
O diñeiro lle custa.

¡Gachi, gachi,
Que dencho de gato!
¡Cómo se farta
No prebe do prato!

¡Inda reventes,
Larpeiro rabudo!
¡Qu' inda na gorxa
Ch' aperten un nudo!

Truca, perico,
Ño gato rabelo
Hasta deixalo
Quedar sin un pelo

Qu' eu, s' outra vez
O camiño m' atranca,
Ei de rompelle
No lombo unha tranca.

¡Malo d' aquel
Que non sabe de misa,
Nin entra na ygrexa
Nin gasta camisa!...

¡Ay!, ¡qué galiña
Saltou no valado;
Sey que quer vir
A comer de prestado!

Isca d' ahí,
Galiña maldita,
Isca d' ahí
Nô me mate-la pita.

Isca d' ahí,
Galiña ladrona,
Isca d' ahí
Pra câs tua dona.

XXX

Cando á lumiña aparece
Y ó sol nos mares s' esconde,
Todo é silencio nos campos,
Todo na ribeira dorme.
Quedan as veigas sin xente,
Sin ovelliñas os montes,
A fonte sin rosas vivas,
Os árbores sin cantores.
Medroso ó vento que pasa
Os pinos xigantes move,
Y a voz que levanta triste,
Outra máis triste responde.
Son as campanas que tocan,
Que tocan en sóns de morte,
Y ô coraçón din n' olvides
Os que para sempre dormen.
¡Qué triste! ¡Qué hora tan triste
Aquela en qu' ó sol s' esconde,
En qu' as estrelliñas pálidas
Tímidamente relosen!
Aló as montañas confusas
D' espesas niebras se croben,

Y á casa branca en qu' él vive
En sombra espesa s' envolve.
En vano miro e máis miro,
Qu' os velos da negra noite
Entr' ela y os meus olliños
Traidoramente se poñen.

—¿Qué fas ti mentras, meu ben?
Dime dónd' estás, en dónde,
Que t' aspero e nunca chegas,
Que te chamo e non respondes.
¿Morreches, meu queridiño?
¿O mar sin fondo tragoute?
¿Leváront' as ondas feras
Ou perdécheste nos montes?
Vou perguntaud' ôs airiños,
Vou perguntand' ôs pastores,
As verdes ondas pergunto
E ninguén, ¡ay!, me responde.
Os aires mudiños pasan,
Os pastoriños no m' oyen,
Y as xordas ondas fervendo
Contr' os penedos se rompen.
Mais ti non morreche, ingrato,
Nin te perdeches nos montes;
Ti quisáis, mentras qu' eu peno,
D' os meus pesares te goces.
¡Coitada de min!, ¡coitada!
Qu' este meu peitiño nobre
Foi para ti deble xunco
Qu' ô menor vento se torce.
¡Y en recompensa ti olvidásme!
Dasme fel e dasme morte...
¡Qu' est é ó pago, desdichada,
Qu' â que ben quer dan os homes!

Mais ¡qu' importa!, ben te quixen...
Querreite sempre... Así compre
A quen con grande firmesa
Vidiña y alma entregouche.
Ahí tés ó meu coraçón,
Si ó queres matar ben podes;
Pero como estás ti dentro,
Tamén si ti ó matas, morres.

XXXI

I

Si á vernos, Marica, nantronte viñeras
A festa d' o Seixo n' a beira d' o mar,
Ti riras, Marica, cal nunca te riches
Debaixo d' os pinos d' o verde pinar.

A sombra d' os pinos, Marica, ¡qué cousas
Chistosas pasaron!, ¡qué rir toleirón!
Relouca d' arriba, relouca d' abaixo,
Iñamos, viñamos y ó bombo... ¡pon!..., ¡pon!

As cóchegas brandas, as loitas alegres,
Os berros, os brincos, os contos sin fel,
Todiños peneques, alegres todiños...
Y á Nosa Señora detrás d' o tonel.

II

¡Coitada, ¡qué festa brandida perdeche!...
Cantaras, beberas, dormiras, y así
N' un feixe miraras rolar xuntamente
Mociños e vellos d' aquí par' alí.

Có á vista trubada, c' os ollos dormentes
Sorrindo, comendo, pifando y ainda máis,
¡Qu' apertos, qu' olladas tan chuscas trocaban
As nenas de xenio c' os mozos de Cáis!

Debaixo d' os ricos pareauguas de seda
Qu' abertos formaban tamaño rodel,
Todiños chispados, ¡qué cosas decían!
Y á Nosa Señora detrás d' o tonel.

III

Mais ela de cote tan grav' e soberba,
Tan fina d' oído, tan curta de mans,
Xordiña quedara, falando por sete,
Con probes e ricos, con porcos e cans.

Meu amo folgando de tanta largueza,
Que n' era costume na dona tal ver,
Tamén, ¡miña xoya!, saltando da burra,
¡Pin!, ¡pan!, río arriba botouse á correr.

Y á dona sorría con ollo entraberto,
Comendo castañas e viño con mel...
¡Qué festa, Marica!... Todiños peneques...
Y á Nosa Señora detrás d' o tonel.

XXXII

Cómo chove mihudiño,
Cómo mihudiño chove;
Cómo chove mihudiño,
Pó-la banda de Laiño,
Pó-la banda de Lestrobe.

Com' a triste branca nube
Truba ó sol qu' inquieto aluma,
Cal ó crube y ó descrube,
Pasa, torna, volve e sube,
Enrisada branca pruma.

Xa dempois lonx' espallada
Pó-los aires fuxitivos
Desteñida, sombrisada,
Nos espaços desatada
Cae brillando en rayos vivos.

Misteriosa regadeira
Fin' orballo no chán pousa
Con feitiña curbadeira,
Remollando na ribeira
Frol por frol, chousa por chousa.

Semellando leve gasa
Que sotil ó vento move,
En frotantes ondas pasa
Refrescando canto abrasa
O qu' ó sol ardente crobe.

¡Cómo chove mihudiño
Pó-las veigas de Campaña!
¡Cál s' enxugan de camiño
Os herbales de Laiño!
¡Cóm' á Ponte en sol se baña!

Para Caldas tod' é escuro,
Ceo azul lose n' Adina,
Trasparente, limpo e puro,
D' Arretén no monte duro
Nube corre pelegrina.

Triste vay, qu' á terra toca
Xa c' os pes de branca neve,
Xa c' á fina fresca boca;

Triste vay, qu' os ceos invoca
Y á bicar ó chan s' atreve.

Triste vay cando s' abate
Vaporosa soya e muda,
Cando main' as alas bate
Com' un coraçón que late
Ferido por pena ruda.

Tal maxino á sombra triste
De mi máa, soya vagando
Nas esferas onde existe;
Qu' ir á groria se resiste
Pó-los que quixo agardando.

Vexo ó souto en parda sombra
Revolvendo ó seu ramaxe,
Que por bon, do rey se nombra,
Don fero ó vento asombra,
Roxe e estala de coraxe.

Y ó Palacio, serio e grave
¡Cánto en pura luz se baña!
Tal parés pesada nave
Que volver ô mar non sabe
S' encallou na fresca braña.

Vexo Valga á beira hermosa
D' un camiño todo prata,
Casta virxe candorosa,
Sentadiña en chan de rosa,
Vestidiña d' escalrata.

A San Loys vexo brillando
Bañado por tintas puras,
Sol e sombras amostrando,
En reposo contemprando
Montes, auguas e verduras.

Y á Padrón ponliña verde,
Fada branca ô pe d' un río,
Froita en frol d' á qu' eu quixerde,
Lonxe miro que se perde
Baix' un manto de resío.

¡Qu' hinchadiña branca vela
Antr' os millos corre soa
Misteriosa pura estrela!
Dille ô vento en torno d' ela:
"Palomiña, ¡voa!, ¡voa!"

Faille arrolo á branda ría
C' un remanso mormuxante,
Que nâs d' arboled' umbría

Vaixo un toldo d' alegría,
O calor d' un sol amante.

¡Sol d' Italia, sol d' amore!...
¿Ti paîsáx mellor alumas,
Ti máis rosas, máis verdore,
Mellor ceu, máis soave core
Ves d' o golfo antr' as espumas?

¡Sol d' Italia, eu non sospiro
Por sentirte ardente rayo!
Qu' outro sol temprado miro,
Doçemente aquí respiro
Nun perene, eterno mayo.

Nesta terra tal encanto
Se respira... Triste ou probe,
Rico ou farto de querbanto
¡S' encariña nela tanto
Quen baix, ó seu ceu se crobe!...

Os que son nela nacidos,
Os que son d' ela mimados,
Lonxe d' ela están doridos
Porque van d' amor feridos
Por quen fóno amamantados.

Pó-los fillos á nay tira,
Xorda, triste, plañideira,
Xeme, chora e máis sospira,
E non para hastra qu' os mira
Ben chegar por derradeira.

¡Pobre nay, cánto te quero!
¡Nay tamén, ¡ay!, da nay miña!
O ten chan d' amor prefiero,
A cant' hay grande ou severo
En tod' á terra xuntiña.

¿Cómo non, si hora estou vendo
Nun paísáx de prata e rosas,
Canto á vida foi querendo
C' os meus ollos remexendo
Memoriñas cariñosas?

¡Bosques, casa, sepulturas,
Campanarios e campanas
Con sóns vagos de doçuras,
Que despertan ¡ay! ternuras
Qu' en xamáis podrán ser vanas!

Elas fóno as que tocaron
Cand' os meus alí naceron;
Elas fóno as que choraron,

Elas fóno as que dobraron
Cand' os meus abós morreron.

Elas fóno as qu' alegriñas
Me chamaban mainamente
Nas douradas mañanciñas,
De mi máa c' as cantiguiñas
Y os biquiños xuntamente.

Inda vex' onde xogaba
C' as meniñas que eu quería,
O enxidiño onde folgaba,
Os rosales que coidaba
Y á fontiña onde bebía.

Vexo á rua solitaria
Qu' en paz baña un sol sereno,
Sin que á trube man contraria,
Igual sempre, nunca varia,
Veiga llana en campo ameno.

E tamén vexo enloitada
D' Arretén á casa nobre,
Dond' á miña nay foi nada,
Cal viudiña abandonada
Que cay triste ô pe d' un robre.

Alí esta sombra perdida
Vos sin son, corpo sin alma,
Amazona mal ferida
Qu' ô sentir que perd' á vida
Se adormece en xorda calma.

Casa grande lle chamaban
Noutro tempo venturoso,
Cand' os probes á improraban
E fartiños se quentaban
O seu lume cariñoso.

Casa grande, cando un santo
Venerable cabaleiro (1)
Con tranquilo, nobre encanto,
Vaixo os priegues d' o seu manto
Cobexada ó perdioseiro.

Cand' os cantos ná capilla
Da gran casa resoaban
Con fervor e fe sensilla,
Rico fruto d' á semilla
Qu' os baróns santos sembraban.

---

(1) As virtudes verdadeiramente evanxélicas d' este cabaleiro, tan amado d' es que ó conoceron, inspiráronme un libro, quo non tarderey en publicalo con ó titulo de ''Historia de mi abuelo''. Nel rindo un tributo d'adimiración e amor á aquel cuya mayor sabiduría consisteu sempre en facer ó ben á ollos cerrados e con man cariñosa.

Hora todo silensioso
Caus' alí medo e pavura,
Mora esprito temeroso
Nos salóns ond' ó reposo
Fix' un niño c' a tristura.

Risas, cantos, armonía,
Brandas músicas, contento,
Festas, dansas, alegría,
Se trocou na triste e fría
Sorda vós do forte vento.

No gran patio as herbas crecen
Vigorosas sin coidado,
Y as silveiras que frorecen
No seu tempo fruto ofrecen
Os meniños sazonado.

Y antr' aquel silencio mudo
Qu' a trubar naide alí chega,
Antre aquel *¡xa fún!* tan rudo
Vése inteiro un nobre escudo
Qu' á desir *non son* se nega.

Craros timbres mostra ufano
C' un soberbo casco airoso...
Mais detrás d' un *son* tan vano

Vése ó probe orgullo humano
Homillado e polvoroso.

Tras da calada visera
Qu' hay uns ollos feridores
Que nos miran, se dixera,
Que nos din tod' é quimera
Neste mundo de dolores.

¡*Casa grande,* triste casa!
Que d' aquí tan soya miro
Parda, escura, triste masa,
¡*Casa grande,* pasa, pasa...
Ti xa n' és más qu' un sospiro!

Meus abós, ¡ay!, morreron,
Os demáis t' abandonaron,
Os teus lustros pereceron
Y os que millor te quixeron
Tamén de ti s' apartaron.

Mes tras mes, pedra tras pedra,
Ti te irás desmoronando,
Ceñida por sintas d' edra,
Mentras qu' outra forte medra,
Qu' así o mundo vay rolando.

. . . .
. . . .
. . . .

¡Máis qué luz, qué colorido,
Nos espaços se dilata!
Luce ó sol descolorido
Y arco d' iris xa nacido
Longa sinta se desata.

Cómo chove mihudiño,
Cómo mihudiño chove;
Cómo chove mihudiño,
Pó-la banda de Laiño,
Pó-la banda de Lestrobe.

XXXIII

Miña Santa Margarida,
¿Con quén t' ei de comparare?
Coma ti non vin ningunha
Nin na terra nin no mare.

Coma ti, Santa bendita,
Tan garrida e tan preciosa,
Nin brilou ningunha estrela,
Nin s' abreu ningunha rosa.

Nin luceiro nin diamante,
Nin luniña trasparente,
Luz verteu máis cariñosa
Qu' ó teu rostro relucente.

Nin as froles do xilmendro.
Nin á rosa purpurina,
Nin as neves da montaña,
Nin fulgor da mañanciña.

Nin alegre sol dourado,
Nin corrente d' augua pura,
Miña Santa Margarida,
Ch' asemella en hermosura.

¿Con quén t' ei de compararare,
Miña Santa Margarida,
Si ti foche ánxel d' amore
Pó-los ánxes escollida?

Sólo á Virxe é máis hermosa
Qu' eres ti, bendita Santa,
Y ó teu rostro pelegrino,
O temido demo espanta.

De ti vivo namorada,
En ti penso con fervore,
Qu' eu ben sei que che contenta
Este puro e santo amore.

¡Quén poidera!... ¡Quén poidera
Xunta ti vivir segura,
Manantial que mel derrama,
Pura fonte de ternura!

Onda ti, lonxe do mundo,
Tan feliz m' acobexara,
Qu' en xamáis ô pracer vano
Este meu mirar tornara.

Que no monte onda ti moras
Tan bon aire se respira,
Que ó que máis do mundo foxe,
Sólo alí por Dios suspira.

Miña Santa Margarida,
Miña Margarida santa,
Tendes á casa no monte,
Donde ó paxariño canta.

XXXIV

ALBORADA (1)

I

Baite noi-
te — Bay funxin-
do — Vent' auro-
ra — Vent' abrin-
do — C' ó teu ros-
tro — Que sorrin-
do — ¡¡¡A sombr' espanta!!!

¡Canta!...
Paxariño can-
ta — De ponliñ' en pón-

(1) A máis grande dificultade qu' achey prá escribir esta "alborada", foy ó meu deseyo de que sahise nun todo arregrada a música. Conseguín esto, pró foy á custa dá poesía; non podía ser d' outro modo, cando se da c' un aire tan extraño e tan difícile de acomodarlle letra algunha.

la — Qu' ó sol se levan-
ta — Pó-lo monte ver-
de — Pó-lo verde mon-
te — Alegrand' as her-
bas — ¡Alegrand' as fon-
tes!...

¡Canta, paxariño alegre,
Canta!
¡Canta por qu' ó millo medre,
Canta!
¡Canta por qu' á luz t' escoite,
Canta!
Canta que fuxeu á noite.

Noite escura
Logo ven,
E moito dura
C' ó seu manto
De tristura,
Con meigallos
E temores,
Agoreira
De dolores,
Agarimo
De pesares,
Cubridora
En todo mal,
¡Sal!...

Qu' auroriña
O ceu colora
C' uns arbores
Que namora,
C' un sembrante
D' ouro e prata
Teñidiño
D' escalrata.
C' uns vestidos
De diamante
Que lle borda
O sol amante
Antr' as ondas
De cristal.

—

¡Sal!...
Señora en todo mal,
Qu' ó sol
Xa brila
Nas cunchiñas do areal
Q' á luz
Do día
Vist' á terra d' alegría
Qu' ó sol
Derrete con amor á escarcha fría.

II

Branc' auro-
ra — Ven chegan-
do — Y âs porti-
ñas — Bay chaman-
do — D' os que dor-

men — Esperan-
do — ¡O teu folgor!...

Cor...
D' alba hermosa
Lles extende
Nos vidriños
Cariñosa,
Dond' ó sol
Tamén suspende,
Cand' aló
No mar se tende
De fogáx
Larada viva,
Dempois leve,
Fuxitiva,
Triste vago
Resprandor.

Cantor
D' os aires,
Paxariño alegre,
Canta,
Canta por qu' ó millo medre
Cantor
D' aurora,
Alegre namorado,
As meniñas dille
Que xa sal ó sol dourado.

Qu' ó gaitero,
Ben lavado,
Ben vestido,
Ben peitado,
Da gaitiña
Acompañado
¡A porta está!...
¡Xa!...

S' expricando
Que t' exprica,
Repinica,
Repinica
N' alborada
Ben amada
Das meniñas
Cantadeiras,
Bailadoras,
Rebuldeiras;
D' as belliñas
Alegriñas,
D' as que saben
Ben ruar.

¡Arriba
Todas, rapaciñas do lugar,
Qu' ó sol
Y á aurora xa vos vén á dispertar!
¡Arriba!
¡Arriba toleirona mocidad,
Qu' atru-
Xaremos — xantaremos ó *ala... lá!!!...*

XXXV

Eu cantar, cantar, cantei,
A gracia non era moita,
Que nunca (delo me pesa)
Fun eu meniña graciosa.
Cantei como mal sabía
Dándolle reviravoltas,
Cal fán aquês que non saben
Direitamente unha cousa.
Pero dempois paseniño,
Y un pouco máis alto agora,
Fun votando as miñas cántigas
Como quen non quer á cousa.
Eu ben quixera, é verdade,
Que máis boniteiras foran;
Eu ben quixera que nelas
Bailase ó sol c' as pombas,
As brandas auguas c' á luz
Y os aires mainos c' as rosas.
Que nelas craras se visen
A espuma d' as verdes ondas,
D'o ceu as brancas estrelas,
Da terr' as prantas hermosas,

As niebras de cor sombriso
Qu' aló nas montañas voan;
Os berros do triste moucho,
As campaniñas que dobran,
A primadera que ríe
Y os paxariños que voan.
Canta que te canta, mentras
Os coraçóns tristes choran.
Esto e inda máis, eu quixera
Desir con lengua graciosa;
Mais donde á gracia me falta
O sentimento me sobra,
Anqu' este tampouco abasta
Para expricar certas cousas,
Qu' á veces por fora un canta
Mentras que por dentro un chora.
Non me expriquei cal quixera
Pois son de expricansa pouca;
Si gracia en cantar non teño
O amor da patria m' afoga.
Eu cantar, cantar, cantei,
A gracia non era moita,
¡Mais qué facer, desdichada,
Si non nacín máis graciosa!

XXXVI

Sábado á noite
Marica pilla á roca.

—Na muller, pilla esa roca
E déixate d' ir á misa,
Pensa que non tés camisa
E fía unha mazaroca.
—Luns d' as almas, meu homiño,
Déixame gardal' ó día,
Sen fiare, ¿qué diría
N' outro mundo meu paiciño?
Pois... martes de San Antonio
Tampouco hey de traballere,
Prá qu' santo me librare
D' as tentazós do demonio.
Miércoles... ¡Non digo eu!
O home de Nosa Señora
San Xusé... defiar ôra
Non me quisera no ceu.
¡E xueves!... N' hay que falar
¡Santísimo Sacramento!
Con todo comedimento

O día ch' hey de gardar.
¡Y ó viernes! ¿Recordazón
D' agonía de Xesús?
Pasareino ô pe da crus,
Maxinando na pasión.
E ti benaventurado
Sábado da Virxen santa,
Quen tua festa crebanta
Debe estar excomungado.
Mais, dend' as doce hastra á unha
Antre ó sábado e ó domingo
Traéme acá esa roca, Mingo,
Qu' esa n' é falta ningun-ha.
¡Se viras cómo ó resío
M' entra por antr' os farrapos!
Acóchame co eses trapos,
Qu' estou tembrando de frío.
—Non vexo trapos nin toldo
Con que te poida tapare,
Arrímate ô pe do lare
Ou métete antre ó rescoldo.
—Seica teño calentura...
¡Bruu!, seica vou morrere.
—Non t' afrixas ña, mullere,
Que che irey catal' o cura.
—Máis quisera un cubirtore;
Sinto callofríos... tantos...
—Pois que te cochen os santos,
Que n' hay cuberta millore.
Folgaches noite e días
Só por ilos á bicare,
E debent' ora cochare
Nas tuas postrimeirías.

Deste modo *Xan sin Terra*
Co á sua muller falaba,

Cando veu que se quedaba,
¡Malpocado!, feita terra,
E cuns coderos tapándolle
O triste coiro desnudo,
Díxolle entonces (eu dudo
Si chorando, si cantándolle):
Ey ti miña gardadora
D' os días santos e das festas,
Cómo che relosen ora
As carnes por antre as xestas.

XXXVII

—Compadre, des qu' un vai vello
O mesmo sol lle fay frío,
Cada regueiro elle un río,
Un boy cada escarabello.
Pésame ó lombo que pasma,
Pero qu' inda Dios me leve
¡S' é que non teño unha sede
Que me fay volvél' a yasma!
E ben xa qu' estamos preto
De ña casa... ¡Compadriño,
Vinde probal' ó meu viño
E votaremos un neto!...
—¡Entra ti diante! — ¡Non! — Sí.
Ti que és máis vello. — ¡Cal mentes!
—Pois que cho digan os dentes.
—Teño máis moas que ti.
Mais entremol' os dous xuntos
E acabouse ó *del-con-dela,*
Mide seis netos Manoela
Que trayo exoitos lo' s untos
En che ó xerro do canteiro
E no enchar c' ó da vela

Que tan sóo prá meter bulla
Se non c' aquel do Riveiro.

. . . .

¡Coló, coló! — Ben nos preste,
Porque sin estos consolos
Andivéramos máis solos
Os vellos do qu' anda á peste.
—¡Ten un piquiño! — ¡Qué noria!
Con pique ou non, compadriño,
Dempois de Dios ¡viva ó viño!
—¿E haberá viño na groria?
¡Coló, coló! — ¡Cousa boa!
¡Cólase como xarabe!
—Meu compadre, ó que ben sabe
Corre sin trigo nin broa.
—O viño de quente pasa,
Mais é mellor ó qu' eu teño.
—¿Cómo qué? — A probalo deño
Vas vir ora á miña casa.
—Eso pouco á pouco, amigo.
¡Mellor qu' ó meu no-no paso!
—Pois botemos outro vaso
E veno á probar conmigo.
—Dis ben. — ¡Nas pernas... arriba!
Peito xa estás calentado;
Podemos un punteado
Bailar c' un pe nun-ha criba
— Que no che me leve ó deño...
¿El andamos ou n' andamos?
Unha vez parez que andamos
Y outras maxino que veño.
—Déixate d' eso, Farruco,
Que eu vou coma unha pedrada,
E linda así n' está escampada

Seica oirey cantá-lo cuco.
—No-no penses qu' abofellas
Xa á miña porta chegamos,
Mais ten tino, porque entramos
No cortella das ovellas.
—¡Mentes... ; eu vou indo á fío
Cara á bodega, larpeiro!
—Mais déxaime entrar pirmeiro,
Que me fay mal ó resío.
—Vállame Santa Lusía...
Todo ó vexo tan trubado;
Dime aquí, de reservado:
¿E de noite ou é de día?
—¡S' o sey que vote máis canas!
Pero en secreto cho digo
D' este non ver, meu amigo,
Deben ter culpa as pestanas.
Ora séntate e bebamos;
¡Teño unha sede!... — ¡Eh!, ¿qué tal?
—Se non me fixese mal...
—¡Mal! ¿Tan fortes coma estamos?
Sabe que gorecha... pois
¿Exprícome?... — ¡Pro sabido!
—O bebido, vay bebido
E s' un quer máis... hastra Angrois.
—¡E qu' este teu viño!, ¡deño!...
E do qu' un pode beber
Pero, compadre, á meu ver
Eche mellor ó que eu teño.
—¡N' é verdá eso!... — ¿Que non?
Tornas ora á vir conmigo
E disme s' es meu amigo
S' e no é moito máis bon..
—¡Poida!.... mais á tua bodega
Dime cándo chegaremos.
Teño unha sede dos demos...

E máis penso que lostrega.
—O qu' hay, meu compañeiriño,
Non son lóstregos nin rollos;
E que tés lume nos ollos
E á gorxa pideche viño.
¡Ey!, move esos pes lixeiro,
Qu' estamos ô pe da pipa,
E bebe, que di Felipa
Qu' á sede avolve ó calleiro.
—¡Jéen!... Dió-lo pague qu' é forte;
Bebín canto me botache;
Tes un viño que... carache,
Fay resucitá-la morte.
—¿E logo sí? ¡Na que deño!
Nin ó d' un Padre Benito.
—¡E bon, mais ó dito, dito:
Inda é mellor ó que eu teño!

....

E indo e vindo no camiño
Tanto os compadres bebeno,
Que nunca en xamás volveno
A probar augua nin viño.
C' o ventre com' unha uva
Tras de tanta é tanta proba,
Levánonos para á coba
D'ende ó mesmo pe da cuba.

DICCIONARIO

A

Abó, abuelo.
Abofé, a fe mía.
Abofellas, a fe mía.
Abondo, bastante, sobrado, en abundancia.
Achar, hallar.
Adoito, donde estoy siempre. Usase también esta palabra en el sentido de acostumbrado, como se ve en el refrán: "O que n' está adoito âs bragas as costuras lle fan llagas"; otros dicen: "O que non está afeito", etc.
Aeito, adverbio que significa a roso y velloso, sin escoger, sin reparar.
Afacer, *afacerse*, acostumbrarse.
Agarimo, amparo, apoyo cariñoso. Se dice de un huérfano que "está sin agarimo".
Agoirar, presagiar, predecir malos sucesos.
Aló, allá.
Alomear, alumbrar, y algunas veces resplandecer, brillar.
Alleo, ajeno, lo que es de otro.
Amoras, mora silvestre o de zarza; a la verdadera mora le llaman "amora castellana".

Antroido, carnaval. Se usa también en sentido burlesco, pues a una persona ridícula y risible le dicen: "¡Parece un antroido!, ¡ay qué antroido!"; frases ambas que equivalen a "¡parece una máscara!, ¡vaya una máscara!"
Antroidada, carnavalada, y también cosa descabellada.
Año, corderillo.
Apurrar, azuzar.
Arrepuiñadas, erizadas. En gallego tiene más fuerza y se dice "carnes arrepuiñadas", que equivale a lo que en castellano "carne de gallina".
Arrescender, oler bien. Se dice de una rosa que "arrescende".
Atrusar, gritar alegremente. Viene de "aturuxo", grito de alegría con que los aldeanos concluyen en las fiestas y "ruadas" sus cantares.
Aturuxo, grito agudo y prolongado con que concluye sus canciones la gente del campo.
Axexar, mirar con curiosidad, creyendo que nadie observa al que mira.

B

Bagoas, lágrimas.
Balar, balar, oscilar. Los aldeanos dicen que la piedra vacilante de Nuestra Señora de la Barca (Mugia) "bala".
Balocas, patatas pequeñas. Rodríguez, en su "Diccionario gallego-castellano", quiere que signifiquen castañas.
Ban, cintura. Algunos le escriben con "v" consonante, pero aquí se puso con "b" para distinguirle de la tercera persona del plural del presente de indicativo del verbo "ir".
Batalada, campanada.

Bater, dar una cosa contra otra, pegar.
Ben, bien. El plural, "bens", significa bienes y también haciendas.
Berce, cuna.
Berrar, gritar. El vocablo gallego tiene más fuerza que su equivalente castellano, pudiendo decirse que "berrar" es gritar con fuerza. También significa reñir.
Bica, bico, el pico de las aves y también beso, usando la terminación femenina cuando quieren darle más gracia, y la masculina en los demás casos. Llaman "bica" a una torta de pan de trigo.
Bicar, besar.
Bola, torta de pan.
Boxe, boj.
Bran, verano.
Brandida, abundante, ostentosa, rica.
Brañas, prado con agua perenne.
Brétema, niebla.
Bulir, hacer una cosa aprisa, andar aprisa, moverse de una parte a otra, y cuanto se parezca a lo que perfectamente definió Rodríguez "hervir de gusanos", pues se dice a menudo "buligame á sangre".

C

Cachón, a todo hervir.
Cadela, perra.
Cáis, Cádiz.
Canas, cañas y también canas.
Candeas, luces, candelas.
Carabel, clavel.
Carabela, cestilla.
Caris, gesto, el rostro, el semblante.

Carrapucheiriña, expresión cariñosa que equivale a "querida mía", aunque tiene más dulzura. Cosa digna de ser querida por excelencia, que viene de "cara" y "pulchra", de sumo precio, amada y hermosa, aumentando la significación por el diminutivo cariñoso en "iño".

Cas-qui-tó, lo mismo que "¡aparta, cerdo!"

Chan o *chao*, suelo.

Cheiro, olor.

Cheo, lleno.

Chiar, piar. La frase "non chia" equivale a "no dice nada", y "quedouse sin chiar", no se movió, no dijo una palabra.

Chuchona, la que chupa.

Cirolas, calzones anchos de lienzo que usan los aldeanos. Por lo regular los traen debajo de los calzones de paño.

Cobiça, codicia.

Cóchegas, cosquillas.

Cocho, cerdo.

Cofia, toca de lino o de encaje con que las aldeanas se cubren la cabeza, recogiendo el pelo.

Coitelo, cuchillo.

Compango, entre los aldeanos, lo que comen después del caldo, o mejor aún, como la misma voz lo indica, lo que comen con pan, pero que merece el nombre de comida.

Compaña, hueste, procesión de brujas. Cuentan que por la noche aparecen en fila en las eras, caminos, bosques y montes siete luces que discurren de un lado a otro, llenando de espanto a los sencillos aldeanos. Su aparición es siempre de mal agüero para ellos, sobre todo cuando se apaga una de aquellas luces, pues, según dicen, significa que muere alguna per-

sona en el lugar en que aparecen, o en la casa de quien sea la era en que se ven.
Cor, cores, color, colores.
Corredoira corredeira, camino angosto, como lo son por lo regular los que van de un lugar a otro.
Cortello, cortelliño, establo.
Cortiña, prado cerrado puesto a hierba.
Cos, la mitad superior de la camisa: los usan las aldeanas poco acomodadas, haciéndolos de lienzo y el resto de la camisa de estopilla.
Cospir, escupir, salivar.
Cote (De), todos los días.
Crebar, romper, quebrar.
Crechas, rizadas.
Cribo, cernidor.
Culler, cuchara.
Cunca, taza.
Curruncho, rincón.
Curtiña, prado cerrado puesto a hierba.
Curuto, coronilla, la cumbre.

D

Deitar, acostarse y también manar.
Demoro, demontres, diablo.
Dengue, esclavina de paño guarnecida de terciopelo que llega hasta la cintura, y cuyas puntas o alas son bastante grandes para que, cruzadas sobre el seno, puedan dar vueltas y cerrarse a la espalda. Por lo regular las hacen de grana.
Derradeira, lo postrero, lo que va detrás, y entonces es adjetivo. "A derradeira", o bien, "ó derradeiro", es advervio y significa por último.

Diancre, diablo.
Dipinicar. Es difícil señalar a esta palabra su equivalente castellano. Se dice de las ovejas que "dipinican" la hierba porque comen sólo las puntas tiernas. Se dice de una persona que teniendo racimos de uvas, verbigracia, come sólo algunos granos, que "dipinica" las uvas.
Dou non te dera, frase que significa lo que en castellano "quien te parió no te pariera", aunque en gallego tiene más fuerza, porque comprende el padre y la madre.
Dona, dueña, ama de casa, la señora. Los maridos dicen "á miña dona", por mi mujer.

E

É, tercera persona del presente de indicativo del verbo "ser".
Eira, era.
Emboucar, engañar.
Enfouzar, ensuciar.
Ensarrapicada, muy mojada.
Enxido, enxidiño, pequeño huerto al pie de la casa de su dueño.
Erguer, erguir, levantar.
Esfolar, desollar.
Espallar, esparcir.
Esquencer, olvidar.
Estricadas, escuetas, estiradas, largas.

F

Facer, hacer. La frase "seu facer" equivale a "su negocio".
Falangueiro, falangueira. Así se dice de una per-

sona que nos habla con cariño y cortesía: alegre, decidor.

Feira, feria: "qué feira" equivale a "qué buen negocio".

Feita, hecha. Se dice de una mujer que "é feita" cuando es hermosa y bien proporcionada.

Feitizo, hechizo.

Fenda, hendidura.

Fero, fiero, amargo.

Fiadas, hiladas. Así llaman a una reunión de mujeres que se juntan en un sitio dado para hilar. Como a estas hiladas concurren los jóvenes, es una de las diversiones favoritas de nuestros aldeanos.

Fidalga, hidalga, y por extensión, fina, suave, delicada. Dícese de una persona que tiene hermosas manos "ten mans fidalgas."

Fito á fito, hito a hito.

Fogár, vivo resplandor, llamarada.

Folga, huelga.

Fricol, un frito cualquiera.

Fricolada o *frixolada,* frito de muchas y diversas cosas.

Froita, fruta.

Frolear, bordar. Debe advertirse que este significado sólo lo tiene en sentido figurado, diciendo de un gaitero que "frolea" cuando al tocar inventa variaciones al tema. Lo mismo se dice de una persona que habla usando lo que en castellano llamamos "flores poéticas".

Funqueiro, estacas que se clavan alrededor, en la suelo de los carros, con objeto de sostener la carga.

G

Gaiteira, alegre, casquivana.
Gando, ganado vacuno.
Garular, divertirse armando grande algazara.

H

Hortiña, huerta, huertecita.

I

Iña, le usan muchas veces en lugar de "iba".

L

Lama, lodo.
Lansaliño, airoso, esbelto.
Laña, hendidura.
Lar, lariño, hogar.
Larada, el fuego grande del hogar, en el campo suele verse desde lejos cuando está la puerta de la casa abierta, y al resplandor que despide llaman también "larada".
Larpeiro, goloso.
Liña, hebra de seda o de hilo.
Loitar, luchar, pelear. Usanle regularmente en la primera acepción.
Lombo, espalda.
Lua, luna.
Luar (O), frase que equivale a "la luz de la luna".
Lurpia, bruja, mujer de mal carácter.

M

Má, madre.
Magoa, que hiere, herida.

Maino, maininño, manso, suave.
Malpocado, malpocadiño, ¡pobrecito!, ¡desdichado!
Mantelo, prenda de vestido, generalmente de paño, que las sirve como de sobresaya; no tiene vuelo ni pliegues, y cierra atrás dejando ver la saya.
Matar, matar, y por extensión, apagar: dicen "matar á luz", apagar la luz; "matarlle á fame", darle de comer; "matarlle un deseo", cumplirle un deseo.
Matachín, el que mata los cerdos.
Maxesa, elegancia.
Meigallo, hechizo.
Meigo, brujo, encantador.
Millo, maíz.
Mimosa, cariñosa.
Moucho, mochuelo.
Mouriña, moura, frase que equivale a morena hija y descendiente de moro; negra. En una ocasión oímos a un muchacho apostrofar a un compañero llamándole "fillo d' unha cabra moura".
Muchada, seca.
Muhiño, molino.

N

Nabisa, la hoja de los nabos.
Nantronte, en el día anterior.
Nay, madre.
Neno, niño.
Niño, nido.
Noces, nueces.
Noxo, asco.

O

O, el, lo.
Ó, contracción de "á", "ó", a lo, a la.
Orfo, huérfano.
Oubear, aullar.

P

Palomas, palomiñas, mariposas.
Panos, pañuelos, telas.
Parolar, hablar, parlar.
Parromeira, hollín de chimenea.
Pau, palo, madera.
Peitar, peinar.
Pelica, piel, cáscara.
Pena, pena, y también peñasco.
Penedo, roca, peñasco.
Peneira, cernidor.
Peçoñosas, ponzoñosas.
Pia, pilón.
Pifar, lo que se entiende vulgarmente por "empinar el codo".
Pito, pitiño, pollo, pollito.
Pombas, palomas.
Pónla, rama de árbol.
Portelo, portillo.
Posto, puesto: "ben posto" equivale a "bien vestido".
Pousar, posar.
Praticar, hablar.
Pretiño, cerca, cerquita, y también pronto.
Proya, torta de pan.

Q

Quinteiro, corral.
Quiño, cerdo.

R

Rabuñar, arañar.
Racha, astilla.
Ramallaxe, ramaje.
Raparigo, muchacho, joven.
Rapás, muchacho, joven.
Raxo, lomo de cerdo.
Rebotar, rebosar.
Rebuldeira, retozona.
Rebulir, bullir.
Regandixa, rendija.
Rego, regato, riachuelo.
Reloucar, equivale a "divertirse en grande", "volverse loco de alegría".
Remorso, remordimiento.
Repantrigado, arrellenado.
Repoludo, robusto, gordo y duro como un repollo.
Resolio, licor suave.
Rifar, reñir.
Ruada, andar de noche de broma cantando por las calles o los campos.
Rueda, diversión por la calle.
Rula, tórtola.
Runxida, requemada.
Runxindo, haciendo ruido.
Ruxe-ruxe, entre el ruido, entre el movimiento, entre el barullo de la fiesta.

S

Salgado, salado.
Salgueiro, sauce.
Saloucos, sollozos.
Sar, río que nace cerca de Santiago y desagua en el Ulla a su paso por Padrón.
Sarpullente, hirviente.

Sarrapio, amargo, urente: dejo áspero que tienen algunas comidas y bebidas.
Seica, me parece, creo que sí o que no.
Seixos, guijarros, lo que graciosamente llamaba Cervantes "peladillas de arroyo".
Sera, seran, tarde.
Seu facer, frase que equivale a "su negocio".
Silveira, zarzamora.
Sonsa, burlona.
Sorsa, adobo.
Suriña, palomita.

T

Ten, tiene.
Tén, tienen.
Tirar, tirar, y también atraer; así dicen que él "país tira", que es lo mismo que el país atrae.
Tobo, madriguera.
Tolo, loco.
Topar, hallar.
Torrexas, torrijas.
Toxales, aliagas.
Tremar, temblar.
Trenco, zambo.
Troncho, trozo o pedazo del tallo de la berza.

U

Ucha, arcón grande que en las casas de los aldeanos sirve de alacena.

V

Vagoas, lágrimas.
Vala, vide "Bala".

Valo, valado, vallado, cerca.
Valorento, mohoso.
Ven, ven.
Vén, vienen.
Vila, en gallego se usa indistintamente esta palabra para indicar una ciudad o una villa, aunque al presente suelen decir ''siudade''.
Vincha, burbuja.
Viradoiro. Se dice ''pau viradoiro'' a una persona que va muy tiesa; es de virar o dar vuelta a una cosa; verbigracia: el palo de los barqueros, la raspilla para la sartén, etc.

Y

Yalma. Para hacer más suave la palabra y evitar la cacofonía suelen decir ''á yalma'' en vez de ''á alma''.

X

Xa, ya: de ''jam'' latino.
Xan, Juan.
Xeito (Non lle dar...), no hallar modo y manera de hacer una cosa.
Xoya, joya: ''miña xoya'' es una expresión de cariño.

Z

Zonchos, castañas cocidas con la piel.

INDICE

BINDING SECT. JUL 26 1972

PLEASE DO NOT REMOVE
CARDS OR SLIPS FROM THIS POCKET

UNIVERSITY OF TORONTO LIBRARY

PQ 9469 C3C3 19--
Castro, Rosalía de
Cantares gallegos


UTL AT DOWNSVIEW
D RANGE BAY SHLF POS ITEM C
39 10 04 03 02 013 7